



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 5 DE XULLO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:10 horas do día 5 de xullo de 2012, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Sejido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventor accidental:

Dona Fernando Aradas García.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, das actas de data 12/04/2012 e 03/05/2012

Non habendo obxeccións, quedan aprobadas as actas de data 12/04/2012 e 03/05/2012.

2. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 502/2012 á 595/2012

Os concelleiros danse por informados.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera que manifesta que en relación coa Resolución 502/2012, pola que se realiza un contrato menor de servizos nomeado "Redacción de informe sobre o estado do contrato administrativo de xestión do servizo público de abastecemento de auga do Concello de Fene", roga que se informe dos aspectos e da finalidade de dito informe.

A continuación intervén o alcalde que di que se dará conta do informe, que de momento non hai nada e que se pensou en facer este contrato en base aos contenciosos que hai promovidos.

3. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para que a Xunta de Galiza revoque o acordo de supresión dos servizos que se prestan a través das oficinas liquidadoras de taxas e impostos

Consta no expediente administrativo a seguinte moción:

<<MOCIÓN PARA QUE A XUNTA DE GALIZA REVOQUE O ACORDO DE SUPRESIÓN DOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN A TRAVÉS DAS OFICINAS LIQUIDADORAS DE TAXAS E IMPOSTOS
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas titulares dos Rexistros da Propiedade das vilas e cabeceiras de comarca de Galiza, agás aqueles situados nas cidades da Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago, veñen de coñecer a intención da Xunta de Galiza de non proceder á renovación do convenio que expira o 31 de decembro deste ano, en virtude do cal estes prestaban os servizos, entre outros, de oficinas liquidadoras de diferentes taxas e impostos.



A través destas oficinas liquidadoras nos diferentes Rexistros da Propiedade veñen realizando todas as xestións relacionadas con sucesións, transmisións, actos xurídicos documentados, societarios, etc., ademais da correspondente liquidación das taxas e xestións como as relacionadas coa interposición de recursos de reposición, comprobación de valores, notificacións ou requirimentos ás persoas interesadas, entre outras.

Ademais a existencia nas mesmas de persoal especializado no ámbito do dereito civil, propiedade, etc. permite prestarlles ás persoas do ámbito de actuación no que se atopa o noso concello, servizos de información e asesoramento ao tempo que actúan como arquivos de documentos e escrituras privadas. Hai que ter en conta que en Galiza non hai tradición de escritura pública polo que resulta moi importante o labor de arquivo de escrituras privadas que veñen realizando estas oficinas, xa que arquivan un exemplar de cada documento privado que é obxecto dalgún trámite nesa oficina e queda alí para o futuro; podendo as persoas interesadas acudir en caso de extravío ou para futuras partillas de persoas herdeiras.

De proceder por parte do goberno da Xunta de Galiza á desaparición destas oficinas liquidadoras o Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarca pasarán a ser meros receptores, obrigando aos veciños e veciñas interesadas a acudir ás cidades antes citadas para realizar o resto dos trámites relacionados coa liquidación, ademais de perder o resto dos servizos que se lles viñan prestando.

Esta actuación supón un novo golpe de graza do goberno do PP á poboación que vive fóra dos grandes núcleos urbanos da nosa nación pois trátase dunha medida que priva de servizos cos que viñan contando as persoas que viven en vilas e aldeas do rural. Trátase dunha medida que vai claramente en contra do proceso de comarcalización dos servizos e do equilibrio territorial. O que vén demostrar o nulo interese do PP polo mantemento de poboación e actividade económica nas cabeceiras de comarca, nas vilas e nas aldeas, e o exercicio dunha política que priva á xente destes lugares de máis servizos, incrementando a súa dependencia das grandes cidades.

Levar a cabo unha decisión deste calibre supón menosprezar as características da poboación galega, tanto no que atinxe á súa dispersión, ás súas condicións socioeconómicas, ao seu envellecemento como aos grandes déficits de mobilidade que padece en gran parte do noso territorio, ao que debemos engadir outras decisións lesivas como a redución do mapa xudicial.

Esta nova medida do PP vai motivar a perda de arredor 150 postos de traballo en Galiza, postos de traballo cualificados e asentados en contornos sensíbeis como o medio rural, baixo o pretexto do aforro e a austeridade.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistros da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.

Fene, 17 de xuño de 2012>>

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica que emenda a moción anterior mediante outra presentada polo grupo socialista:

“1º.- Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistros da propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.”

2º.- Facilitar aos cidadáns/ás o cumprimento das obrigas fiscais mantendo ou mellorando o mapa actual de oficinas liquidadoras e facilitando o acceso telemático.

3º.-- Nomeadamente, garantirá que no Concello de Fene os contribuíntes poderán cumprimentar as súas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma, cando menos con idénticas facilidades das que hoxe existen.”

De seguido intervéñ o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que presenta esta moción porque a Xunta de Galicia vén de anunciar un novo recorte en relación ás oficinas do Rexistro da Propiedade, xa que había uns recortes asinados que expiran o 31 de decembro e non se van



renovar, cando considera a súa labor importante, fundamentalmente de arquivo, máxime nunha comunidade como a galega sen tradición de escritura pública.

Remata a súa intervención dicindo que na comarca había dúas opcións para facer estes trámites, un rexistro en Pontedeume e outro en Ferrol, e con estes recortes crearase malestar nos veciños porque terán que desprazarse á Coruña para liquidar, coa masificación que conlevará.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que manifesta que o seu grupo propuxo unha emenda que se incorporou á proposta de resolución na Comisión Informativa, xa que o PSOE tiña unha moción moi semellante respecto a este tema, polo que no seguinte punto da orde do día procederá a retirar a moción para o seu debate.

Continúa dicindo, que hai pouco máis que engadir ao dito polo voceiro do BNG, que unha vez máis a Xunta de Galicia decide poñer trabas aos cidadáns á hora de poder relacionarse coa Administración, cando se está reclamando constantemente que o que necesita o país e a xente é todo o contrario: axilizar os trámites e acercar aínda máis a Administración aos cidadáns.

Afirma que para a Xunta de Galicia nin sequera a zona de Ferrol é merecedora de ter unha oficina de recadación que pasa a desprazarse á cidade da Coruña e que esta medida vai significar impedimentos para os cidadáns deste concello e vai impedir que a Administración, que é a única que neste momento podería, contribúa a crear postos de traballo.

Engade que os cartos que se aforran non son tantos como para salvar as contas da Comunidade Autónoma, senón que responden ao modelo do Partido Popular de destruír a Administración pública e de afastala dos cidadáns, na liña de ir adelgazando o Estado ou as Comunidades Autónomas e todo o que leve a palabra público.

Pide á Xunta de Galicia que se manteña a estrutura das oficinas recadadoras da Xunta de Galicia para que os cidadáns deste Concello teñan as mesmas facilidades para poder contribuír ás súas obrigas tributarias e engade que, no caso da provincia da Coruña, unha vez máis se discrimina a Ferrolterra, xa que todas as cidades galegas, incluso as que non son capitais de provincia como son Vigo e Santiago van ter recadación e Ferrol, que é unha das 7 cidades galegas, non vai ter dita oficina.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que lamenta que o Partido Popular siga na liña de recortar, sobre todo de recortar aquilo que está funcionando. Di que o desprazamento á Coruña vai ser máis dificultoso para a xente maior ou con problemas de mobilidade, que as perdas destes postos de traballo son un despropósito máis do Partido Popular e remata anunciando o voto a favor desta moción, agardando que a Xunta recapacite e deixe, cando menos, as cousas coma están, xa que estes recortes que se supoñen son para aforrar, non se sustentan.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que a supresión das oficinas recadadoras vén determinada pola creación da Axencia Tributaria Galega e que o seu grupo entende que o BNG, que é o que presenta esta moción, estaría totalmente de acordo na creación desta axencia, que suporá que por primeira vez se cree un ente autonómico galego nesta liña. Engade que non é certo que estas oficinas liquidadoras actúen coma arquivo de escrituras privadas, xa que unha vez que prescribe o imposto correspondente, estas oficinas non arquivan nada nin expiden copias, ademais de que tampouco está previsto para o futuro o arquivo desta documentación máis alá dos cinco anos de prescrición.

Anuncia a abstención do seu grupo por unha cuestión organizativa, pola creación da Axencia Tributaria Galega, xa que isto non exime que nun futuro se creen delegacións da axencia que substitúan a estas oficinas. Afirma que están de acordo con este novo proxecto que vai nacer e, en relación a todos os traballadores a que se fixo mención, di que a nova marcha desta axencia precisará de persoal contratado que estará suxeito a un réxime administrativo, deixando de estar suxeito ao réxime laboral dunha empresa privada.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín que di, sobre o discurso da voceira do PP, que o acollería con moito gusto se fose certo, que o problema é que a Axencia galega é un titular sen contido e claro que prefiren que exista unha Axencia Galega con persoal vinculado á Administración e non a empresas privada, pero non se está nesta fase, xa que a fase actual é a de eliminar e a realidade é que ese ente non existe.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, e 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:



1º.- Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistros da propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.”

2º.- Facilitar aos cidadáns/ás o cumprimento das obrigas fiscais mantendo ou mellorando o mapa actual de oficinas liquidadoras e facilitando o acceso telemático.

3º.-Nomeadamente, garantirá que no Concello de Fene os contribuíntes poderán cumprimentar as súas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma, cando menos con idénticas facilidades das que hoxe existen.

4. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa eliminación de 42 oficinas recadadoras da Xunta de Galicia

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica ao incluírse como emenda á moción do BNG para que a Xunta de Galiza revoque o acordo de supresión dos servizos que se prestan a través das oficinas liquidadoras de taxas e impostos:

<< O Presidente da Xunta vén de anunciar que a constitución da Axencia Tributaria de Galicia (ATG) suporá un aforro de 15 M€ en catro anos e un incremento da recadación derivada da loita contra a fraude fiscal de 20 M€ ao ano.

O aforro se deriva, segundo o presidente Feijoo, da eliminación da Dirección Xeral de Tributos, das delegacións territoriais da Xunta e da eliminación de 42 oficinas recadadoras. Dada a necesidade de garantir o acceso territorial dos cidadáns ás súas obrigas tributarias, resulta sorprendente que a Xunta de Galicia anuncie a retirada da posibilidade de presentar e liquidar os impostos en todas as vilas e comarcas galegas, obrigando a todos os cidadáns a presentar as súas liquidacións ben nas cidades, ben por vía telemática. Deste xeito este anuncio da Xunta de Galicia pretende, un suposto aforro, facendo recaer os custes sobre as finanzas das familias, en forma de custes de transporte ou de gastos de xestorías.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene insta á Xunta de Galicia a:

1. Facilitar aos cidadáns/ás o cumprimento das obrigas fiscais mantendo ou mellorando o mapa actual de oficinas liquidadoras e facilitando o acceso telemático.
2. Nomeadamente, garantirá que no Concello de Fene os contribuíntes poderán cumprimentar as súas obrigas tributarias coa comunidade autónoma, cando menos con idénticas facilidades das que hoxe existen.>>

O voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, retira, como ponente da moción, ao estar o seu contido recollido no anterior punto da orde do día, polo que a Alcaldía dá o asunto por retirado.

5. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG sobre o sistema financeiro galego (banca pública galega, referendo sobre o rescate, solución das preferentes, atención ao público e mantemento do emprego en Novagalicia Banco e comisións de investigación)

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica:



<<MOCIÓN SOBRE SISTEMA FINANCIERO GALEGO (BANCA PÚBLICA GALEGA, REFERENDO SOBRE O RESCATE, SOLUCIÓN DAS PREFERENTES, ATENCIÓN AO PÚBLICO E MANTENIMENTO DO EMPREGO EN NOVAGALICIA BANCO E COMISIÓNS DE INVESTIGACIÓN)
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros vai ter un beneficiario -a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- e unha vítima ben evidente -as maiorías sociais e os pobos, a comezar por Galiza- que somos os paganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramaticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. Isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.

O Goberno español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesaria a democracia e a transparencia. É necesario un debate social moi profundo sobre o rescate e as súas terribéis consecuencias para as maiorías. O rescate financeiro previsto é unha decisión trascendental para o noso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decida a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.

O rescate é duplamente negativo para Galiza porque non só vai castigar as súas maiorías sociais, senón porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probabelmente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avala un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Mais outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país.

Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos.

Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, conséntase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí onde existe banca pública existe un forte tecido industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

O rescate pon ademais en risco os postos de traballo de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporían unha merma na atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural.

A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constitúan as comisións de investigación que o BNG leva pedido quer no Congreso quer no Parlamento Galego. Trátase dunha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza.

Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos en tanto estes instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal.

Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron participacións preferentes, sen que por parte da entidade se cumprise coas obrigas establecidas na normativa MIDIF de



protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de test personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do cliente. Así, é preciso demandar das institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.
2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.
3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.
4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.
5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.
6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.>>

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que se hai solución para os bancos ten que haber solución para a xente e que non pode haber solución para os bancos sen que exista solución para a xente. Considera que o caso das preferentes e dos postos de traballo son dous casos singulares, que non se poden sanear balances e abandonar á xente, que sanear balances para que logo veñan outros a mercar as entidades e levar as rendas é intolerable, polo que é máis necesario que nunca que exista unha Comisión de Investigación no Congreso dos Deputados.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que manifesta que ten algúns matices respecto da moción pero que o seu grupo a vai votar a favor porque no fundamental están de acordo.

Respecto ao punto 1, di que participan da idea de que unha banca pública é beneficiosa para un país, que o Partido Popular esta a dicir que isto é unha utopía e que é imposible neste modelo autonómico e de país, que non cabe tal cousa e realmente este país tivo unha banca pública como tal ata final dos anos 90, no que o goberno de José María Aznar privatizou Argentaria, poñendo fin á banca pública a nivel estatal.

Prosegue dicindo que as caixas de aforro eran un sistema semipúblico de banca, moi mellorable, que podía ter funcionado de haber sido xestionado doutro xeito e pensa que o que fallou non foi a parte pública, porque de haber habido un maior control dos parlamentos autonómicos, ao mellor non chegarían á situación á que chegaron. Non obstante, a dúbida que teñen respecto da banca pública, tal e como di a moción, é que realmente a Xunta de Galicia teña, nestes momentos, recursos de abondo para poder financiar ou garantir, coma fai o goberno de España a través do FROB, unha banca pública galega.

Afirma, que, en todo caso, o seu grupo esta de acordo cunha banca pública con sede en Galicia, controlada dende Galicia e respondendo aos intereses dos aforradores galegos e galegas.

En relación co referendo respecto do rescate da banca, di que son partidarios do rescate da banca, xa que, desgraciadamente, a solución ou a alternativa ao rescate é a caída do banco e, polo tanto, dos aforros dos cidadáns, xa que o fondo de garantía non chega para unha caída en cadea dos bancos españois.



Inda así, non están de acordo no xeito en que se van facer os rescates, xa que, se todos coinciden en sinalar que o que fallou foi o control aos bancos, que houbo determinados directivos como o Sr. Rato, Acebes e demais, que, se o xuíz o admite, van ter que dar contas ante a xustiza da súa actuación, semella ilóxico que se se rescata aos bancos, os cartos que se dean sexan a cambio de nada, que non se poña ningún tipo de control ou requisito que evite que se volva repetir no futuro o que aconteceu nesta ocasión.

Afirma que a sensación que ten é que se van reflotar os bancos, de forma que, cando estean saneados, se privatizarán de novo e seguirá a barra libre como foi ata o de agora, pero gastando unha grande cantidade de cartos públicos practicamente regalados e que os bancos, case con toda probabilidade non van devolver nin ao goberno do Estado nin a UE, pero que terán que pagar todos os cidadáns coas medidas restritivas que impón Europa e o propio goberno de España.

Pensa que o referendo neste contexto sería un gasto considerable e que se podería debatir máis no Parlamento, chegando a un acordo nesa sede sobre como debería ser o rescate.

Respecto dos demais puntos, di que están totalmente de acordo en que o goberno do Estado adopte medidas que permitan finalizar co escándalo das participacións preferentes, que tamén afectan a veciños en Fene. Ademais da investigación xudicial, entende que os Poderes Públicos e o Parlamento galego teñen algo que dicir e que o Parlamento galego pode decidir moito, no campo xurídico, para que as caixas galegas, que neste momento son públicas e o Estado pode incidir directamente nelas, liberen fondos para que os cidadáns poidan retirar os seus cartos.

Remata manifestando que están a favor de que se investiguen as responsabilidades nas entidades intervidas.

Seguidamente intervén a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que está totalmente a favor dunha banca pública e que lle parece ben que se faga un referendo para ver si se acepta ou non, xa que a xente que votou ao PP seguro que non o tería votado se chegan a saber todo o que fixeron. No tema das preferentes, di que estes días saíron novas que din que se van proceder a demandar pola xente que non sabía ler nin escribir e entende que isto se debía estender a todas aquelas persoas que dun xeito ou outro foron enganadas, xa que en Fene non se lles explicou que estas participacións estaban suxeitas a sesenta ou setenta anos para poder recuperar os cartos.

En relación aos postos de traballo, di a concelleira que tamén está de acordo en que se manteñan e considera que as responsabilidades non van ser depuradas, xa que pasará como pasa sempre, que cando rouban os de arriba nunca vai para adiante.

Di que, se se acude ao rescate da banca privada, lle gustaría que se crease un órgano que regulase e controlase a xestión do rescate, que lle gustaría que o rescate non fose para a banca privada, xa que non existe ningunha empresa que estea condenada ao peche e sexa rescatada con cartos públicos, e que para ela o primeiro rescate tiña que ser para as familias, moitas desafiuciadas, sen traballo ou sen ingresos.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que quere lembrarlle ao voceiro do PSOE que o seu partido tamén liquidou caixas de aforros e, respecto da moción, di que o Partido Popular non pode votar a favor porque hai algúns puntos que non comparte como é a celebración dun referendo vinculante.

En canto ao tema das preferentes, di que, a día de hoxe, o asunto esta xudicializado, que é un presunto fraude e, como tal, tense que dirimir nos xulgados e, engade, pensa que a vontade do goberno español e da Xunta de Galicia é toda, traballando conxuntamente nunha solución.

Cre que o Banco de España non estableceu o control que tiña que ter establecido e que por riba estaba o goberno de España daquel momento, que tampouco vixiou, polo que entende que aquí tamén hai unha responsabilidade.

En relación coa demanda de creación dunha Comisión de Investigación, di que o Parlamento Galego xa abriu esa Comisión e o seu grupo esta a favor de que se establezan esas responsabilidades na xestión fraudulenta.

Remata dicindo que entende que hai moitos puntos que neste momento non son competencia do Estado nin da Xunta de Galicia e que tampouco agora o poden solucionar.

A continuación intervén o concelleiro don Manuel Polo Gundín que di que quere aclarar, en relación co labor de vixilancia, que faltou supervisión e control en todos os ámbitos de actuación do sistema financeiro e esa é a primeira cuestión pola que solicitan o referendo, porque leva consigo falar de condicións como para que se vai adicar o rescate e con que obxectivos, quen se vai ver beneficiado e con que consecuencias, canto vai custar e que beneficios se van sacar. Dende o BNG ven que hai



moito risco, xa que non hai ningún control neste procedemento de rescate, o cal leva aparelado máis medidas duras.

Prosegue a dicir o concelleiro Manuel Polo Gundín que hai outra cuestión importante que é que se está a vender o rescate como un grande éxito, que vén vía Europa ás entidades financeiras, polo que, se isto é así supón que desaparece a soberanía de España e, por exemplo, Novagalicia Banco a liquidaría calquera gran banco europeo ou norteamericano. Por este motivo o BNG propón a creación dunha banca pública; o FROB xa ten actualmente o 93% da propiedade de Novagalicia Banco e sería perfectamente posible traspasar eses fondos directamente da titularidade do FROB á Comunidade Autónoma, o que se podería facer establecendo unha normativa rigorosa, podendo entrar ata un 49% de cartos privado que tivesen intereses en investir na ría de Vigo ou nos polígonos industriais galegos, por exemplo. Isto é, o seu grupo cre que os aforros dos galegos teñen que valer para ser investidos en operacións de reutilización e de futuro.

Remata dicindo que ve incógnitas no rescate e que non está dada a folla de ruta.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta logo de obter 10 votos a favor, 4 do grupo do PSOE (ausente o Sr. Noceda), 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto e 6 abstencións do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB."

2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.

3. Instar a Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.

5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.

6. Comunicar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

6. Aprobación, se procede, da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Fene

O expediente consta de borrador da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Fene e informe-proposta de Secretaría 105/2012 de 21.06.2012. A aprobación da ordenanza segundo o procedemento previsto no artigo 49 da Lei de bases do réxime local foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras de 26.06.2012 por 3 votos a favor do grupo do PP e 5 abstencións, 2 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, que copiada di:

"Consta no expediente borrador de ordenanza e informe-proposta de secretaria 105/2012 de 21.6.2012 que conclúe:

<< Infórmase favorablemente o borrador de ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de fene e propónse ao pleno municipal:

1º.- A aprobación inicial da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de fene e propónse ao pleno municipal



2º.- Exposición ao público durante 30 días hábiles mediante anuncio no BOP aos efectos de presentación de reclamacións. De non presentarse reclamacións a aprobación inicial elevarase a definitiva, entrando en vigor a ordenanza ao día seguinte da completa publicación desta modificación no BOP e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 LBRL.>>

Sometido o asunto a votación foi ditaminado favorablemente por 3 votos a favor do grupo do PP e 5 abstencións, 2 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto.”

O texto do borrador da ordenanza é o que segue:

<< ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO MUNICIPIO DE FENE

CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico ao que debe someterse a instalación de terrazas en terreos de uso público.
2. Aos efectos desta Ordenanza enténdese por terraza ás instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, cortaventos, xardineiras, dispositivos de climatización e outros elementos de mobiliario, móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de bar, cafetería, restaurante, bar-restaurante, café-bar, taberna, chocolatería, xadería, etc.
3. A presente Ordenanza é aplicable a todos os espazos (vía pública, espazos libres, zonas verdes, soportais, etc.) do Municipio, de uso público, sexan de titularidade pública ou privada. Esta condición de uso público virá determinada en función tanto da situación de feito, como por aplicación das determinacións do planeamento vixente.
4. Unicamente quedan excluídas do ámbito desta Ordenanza as terrazas situadas en espazos de titularidade e uso privados, que, en todo caso, se rexerán pola normativa que lles resulte de aplicación.
5. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización de solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización quedará sen efecto ata que desaparezan as devanditas circunstancias, sen que se xere dereito a indemnización ningunha.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola administración en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

Artigo 2.- Licenzas

1. A ocupación de terreos definidos no artigo 1 suxeitarase a previa licenza administrativa, podendo instalarse unicamente o mobiliario expresamente autorizado.
2. A licenza obxecto desta Ordenanza é independente das demais autorizacións que correspondan en virtude de normativa sectorial ou da que regule a ocupación de solo de dominio público distinto do municipal. En consecuencia, a instalación de terrazas en superficie de dominio público de costas ou portuario esixe a previa concesión da licenza regulada nesta Ordenanza.
3. O outorgamento da licenza en espazos de dominio público virá determinada polo previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais ou normativa de uso dos bens demaniais locais vixente, mentres que para os espazos de titularidade privada e uso público estarase ao previsto na lexislación urbanística autonómica.



Artigo 3.- Requisitos xerais

1. Con carácter xeral, as instalacións ás que se refire a presente ordenanza terán sempre natureza temporal, serán facilmente desmontables e, ademais, rexeranse polo disposto no Capítulo III.
2. Ademais do establecido no Capítulo III, os emprazamentos deberán cumprir os seguintes requisitos xerais:
 - a) Deberán deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fora preciso polos servizos públicos correspondentes:
 - Acceso aos inmobles.
 - Bocas de rego e hidrantes de incendio.
 - Saídas de emerxencia.
 - Paradas de transporte público regularmente establecidas.
 - Aparellos de control de tráfico.
 - Centros de transformación, arquetas de rexistro de servizo público e sumidoiros.
 - Pasos peonís sinalizados.
 - Calzadas con circulación de vehículos.
 - Prazas delimitadas de aparcadoiro público.
 - b) Non poderá colocarse ningún elemento que dificulte a manobra de entrada ou saída de vaos permanentes de paso para vehículos.
 - c) En ningún caso se poderán colocar elementos fixos ou permanentes cuxa colocación ou desmontaxe requira a realización dalgunha obra especial, agás os toldos.
 - d) Prohíbese o peche lateral e da cuberta da terraza con elementos fixos, agás separadores, cunha altura máxima de 1,80 metros sempre e cando sexan diáfanos ou realizados con material transparente, e toldos móbiles.

Artigo 4.- Prohibicións e limitacións

1. Así mesmo queda estritamente prohibida a instalación de calquera clase de aparellos reprodutores de imaxe e son, así como a celebración de espectáculos ou actuacións musicais, agás autorización municipal expresa.
2. Prohíbese o almacenamento de produtos, caixas de bebida ou outros materiais na superficie de ocupación da terraza.
3. Prohíbese sacar do recinto da terraza calquera tipo de bebida en envases de plástico, vidro ou cristal.

Artigo 5.- Actividades incluídas

A licenza para instalar terrazas dará dereito a expender e consumir na mesma os mesmos produtos que poidan selo no interior do establecemento do cal dependan.

Artigo 6.- Actividades excluídas

A presente ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación da vía pública que, sendo de carácter hostaleiro, se realicen con ocasión de feiras, festexos, actividades deportivas ou análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

Artigo 7.- Efeitos

1. Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e con carácter revogable. O exercicio da actividade realizarase a risco e ventura dos interesados.



2. A licenza terá carácter persoal e non poderá ser arrendada, subarrendada nin cedida, directa ou indirectamente a terceiros, en todo ou en parte.
3. O titular da licenza quedará obrigado diante do Concello de Fene ao cumprimento das obrigas derivadas do seu outorgamento.
4. A eficacia xurídica da licenza quedará vinculada ao cumprimento das súas condicións e ao pago das taxas e tributos correspondentes.

Artigo 8.- Dereitos derivados da licenza

1. O titular da licenza terá dereito a exercer as actividades nos termos previstos na propia licenza, con suxeición ás prescricións establecidas nesta ordenanza así como na lexislación sectorial e ordenanzas municipais de aplicación.
2. As terrazas poderán instalarse durante todo o período para o cal teñan autorización.
3. Como consecuencia de necesidades públicas de urbanización, implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, o concello, poderá revocar ou suspender a licenza concedida, sen dereito a indemnización a favor do interesado. Neste caso, devolveráselle de oficio a parte do tributo que corresponda proporcionalmente ao tempo en que non poida manter instalada a terraza.

Artigo 9.- Obrigas

1. Serán por conta do titular da licenza a instalación dos elementos e, no seu caso, a realización, á súa costa, das obras necesarias para a instalación dos toldos, para o cal, en calquera caso, deberá estar en posesión da correspondente licenza.
2. Será obriga dos titulares das terrazas manter as mesmas e os elementos que as compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos, estarán obrigados a dispor dos elementos de recollida e almacenamento dos residuos necesarios para manter limpo o espazo público.
3. Queda prohibido almacenar ou amorear xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles (mostradores e cámaras), así como residuos propios da instalación, tanto por razóns de estética e ornato, como por hixiene.
4. Será obrigatorio, para poder instalar terrazas anexas a establecementos dedicados a restaurante ou cafetería, estar en posesión da autorización turística autonómica que ampare tal establecemento.
5. Deberán figurar en lugar visible, enmarcados e coa debida claridade, o título habilitante para a instalación da terraza, no que se especifique o número de mesas autorizadas, debendo axuntarse plano de situación selado polo concello.
6. O titular está obrigado ao cumprimento efectivo das ordenanzas municipais e, especialmente, da de protección contra a contaminación acústica e a de prohibición do consumo de bebidas alcohólicas nas vías e outros lugares públicos.

CAPITULO II.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DA LICENZA

Artigo 10.- Réxime xurídico

1. A licenza obxecto desta Ordenanza tramitarase de acordo co previsto na lexislación de réxime local e do procedemento administrativo común.
2. Para a súa concesión serán precisos os informes técnicos e xurídicos preceptivos e, en todo caso, un informe da Policía Local.



Artigo 11.- Capacidade para solicitar a licenza

Poderán solicitar a licenza os titulares das licenzas de apertura ou títulos habilitantes para o exercizo da actividade, dos establecementos hostaleiros descritos no artigo 1 desta ordenanza, sempre que a actividade se desenvolva coa lexislación xeral e sectorial que regula a mesma.

Artigo 12.- Requisitos da solicitude

1. As licenzas solicitaranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Fene.
2. Ademais dos datos xerais de identificación do solicitante e do establecemento hostaleiro, acompañarase á solicitude a seguinte documentación:
 - a) Licenza de apertura e funcionamento do establecemento ou declaración responsable ou comunicación previa cando proceda.
 - b) Autorización dos propietarios dos inmobles estremeiros, no caso de que a solicitude contemple unha terraza encostada á fachada do edificio e pretenda rebasar a porción desta ocupada polo establecemento.
 - c) Autorización expresa da comunidade de propietarios, cando se trate da ocupación de espazos privados de uso público.
 - d) Memoria descritiva dos elementos de mobiliario que se pretenden instalar na terraza, debéndose cuantificar, en todo caso, o número de mesas e cadeiras.
 - e) Plano-croquis de situación acoutado, que especifique a área da terraza, os elementos e mobiliario a instalar, e se cuantifique a superficie de ocupación, onde figuren acoutadas as distancias respecto ó local propio e ao límite da beirarrúa ou calzada.
 - f) No seu caso, plano de instalacións eléctricas exteriores, indicando e especificando as proteccións necesarias.
 - g) No seu caso, autorización ou concesión de dominio público, referida á superficie da terraza, outorgada pola Administración competente.
 - h) No seu caso, autorización turística expedida polo órgano autonómico competente.
3. Na solicitude deberase indicar o período de tempo para o cal se solicita licenza e a data de inicio da actividade.

Artigo 13.- Competencia para o outorgamento da licenza

Será competente para o outorgamento da licenza o Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue, sen perxuízo do réxime de delegación de competencias noutros órganos de goberno previsto na lexislación de réxime local.

Artigo 14.- Prazo de resolución

1. O Concello resolverá as solicitudes no prazo de dous meses dende a entrada da solicitude no rexistro xeral.
2. O silencio administrativo terá efectos desestimatorios.

Artigo 15.- Vixencia da licenza

1. A licenza outorgarase por período máximo dun ano e deberá solicitarse con anterioridade á súa instalación.



2. A licenza entenderase tacitamente prorrogada, por sucesivos períodos, cando nin o Concello nin o interesado comuniquen por escrito, antes do seu vencemento, a vontade contraria á súa prórroga.
3. A modificación das condicións da licenza obriga necesariamente a un novo trámite de solicitude e, no seu caso, concesión.

CAPÍTULO III.- CONDICIÓN PARTICULARES DAS LICENZAS

Artigo 16.- Limitacións de emprazamento

1. A superficie susceptible de ocupación con terrazas non poderá exceder de 2/3 da superficie autorizable do mesmo, cun máximo de 100 m².
2. A ocupación de beirarrúa non poderá ser nunca superior aos 2/3 de largura libre da mesma, debéndose deixar libre para paso de peóns, polo menos, unha largura de 1,50 metros.
3. No caso de establecementos estremeiros, o espazo susceptible de ocupación distribuirase equitativamente entre os solicitantes, de acordo coa largura de fachada de cada establecemento afectado.
4. Se a terraza se sitúa encostada á fachada do edificio, deberá quedar libre o espazo para acceder aos inmobles lindeiros e aos escaparates dos locais comerciais, cun espazo mínimo de 1,80 metros.
5. Permitirase a instalación de terrazas en rúas peonís nas que existan establecementos situados en inmobles sempre que a zona peonil supere os tres metros de largura. A franxa de zona peonil ocupable non excederá do 50 % da súa largura, debéndose deixar, en todo caso, un espazo mínimo libre de 1,80 metros.
6. Non se autorizarán terrazas en beirarrúas cunha largura inferior a 2,50 metros.
7. Aos efectos de aplicación do disposto nesta Ordenanza, os elementos de mobiliario ao servizo da terraza que se instalen están suxeitos ás seguintes prescricións:
 - a) O módulo tipo velador constitúeo unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dous a dous. Para mesas cadradas ou redondas de lado ou diámetro igual ou inferior a 0,80 metros considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada velador de 1,80x1,80 metros cadrados. Se a mesa tivese lado ou diámetros superior a 0,80 metros, a superficie aumentarase proporcionalmente ao exceso.
 - b) Cando polas dimensións do espazo dispoñible non coubesen os veladores indicados anteriormente poderán instalarse veladores cunha mesa e tres cadeiras. Se a mesa é cadrada considerarase unha superficie rectangular de ocupación teórica 1,80x1,30 metros cadrados. Se a mesa é redonda se considerará como ocupación teórica a dun triángulo equilátero de 2,50 metros de lado e unha superficie de 2,70 metros cadrados.
 - c) Si non coubesen os veladores anteriores poderanse instalar veladores cunha mesa e dúas cadeiras cuxa superficie de ocupación teórica será un rectángulo de 0,80x1,80 metros cadrados.
 - d) Cando o espazo permita a implantación de máis dunha fila de veladores, poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal se establecerá un corredor intermedio que permitirá o acceso ás mesas. O devandito corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e un ancho de 0,50 metros. A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

Artigo 17.- Horario de actividade na terraza



1. O horario de apertura e peche será o establecido pola Comunidade Autónoma de Galicia para o establecemento, segundo o catálogo correspondente, sen prexuízo da potestade municipal de adaptación de horarios que, no seu caso, estableza a normativa autonómica.

2. O horario de peche implicará o cese efectivo de todas as actividades desenvoltas na terraza e, en consecuencia, os usuarios non poderán permanecer na terraza a partir de dito momento, polo cal o persoal do establecemento deberá obrigar ao desaloxo efectivo da mesma.

Artigo 18.- Orde e limpeza diaria

Agás no período comprendido entre o 1 de maio e o 30 de setembro os titulares de licenzas de terrazas teñen a obriga de retirar e agrupar ao remate de cada xornada os elementos de mobiliario instalados, así como realizar os labores de limpeza necesarios no período para o que teñan concedida a correspondente licenza.

Artigo 19.- Remate do período de ocupación

1. Rematado o período de instalación autorizado por licenza, o titular da terraza deberá deixar completamente expedita a porción de superficie que viñese ocupando, retirando tódolos elementos que a ocupan ao día seguinte do remate o período de ocupación.

2. En caso de incumprimento do previsto no apartado anterior, serán retirados polo Concello mediante execución subsidiaria a costa do titular.

CAPÍTULO IV.- RÉXIME FISCAL

Artigo 20.- Taxas

O titular da licenza deberá abonar as exaccións fiscais que correspondan e de conformidade coa ordenanza fiscal correspondente.

CAPÍTULO V.- INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 21.- Inspección

O alcalde e, no seu caso, o concelleiro en quen delegue, a través dos servizos municipais, serán competentes para controlar o estrito cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza.

Artigo 22.- Infraccións

As infraccións das normas contidas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son faltas leves:

- a) A falta de ornato na terraza e o seu entorno.
- b) O deterioro leve dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos, lindeiros co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- c) Calquera outra infracción que non sexa cualificada como grave ou moi grave.

2. Son faltas graves:

- a) A reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves.
- b) A ocupación de maior superficie da autorizada.
- c) A instalación dun maior número de mesas, cadeiras ou elementos auxiliares que os autorizados.
- d) Instalar elementos de mobiliario non autorizados pola licenza, así como a colocación na terraza de calquera outra clase de elementos, que non sexan mesas, cadeiras e elementos auxiliares aos mesmos, fóra do recinto do establecemento.



- e) A falta de aseo, hixiene ou limpeza nos elementos do establecemento, sempre que non constitúa falta leve ou moi grave.
- f) O deterioro grave dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos, lindantes co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- g) A non exhibición das autorizacións municipais preceptivas.
- h) O incumprimento do réxime de distancias mínimas de paso de peóns.
- i) O incumprimento do horario de apertura ou peche da terraza.

3. Son faltas moi graves:

- a) A reiteración de tres faltas graves.
- b) A desobediencia aos lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.
- c) Non desmontar as instalacións cando así fose ordenado pola autoridade municipal.
- d) A instalación na terraza de aparellos de reprodución de son ou a realización sen autorización de espectáculos e actuacións musicais.
- e) Non contar coa preceptiva licenza de instalación da terraza.
- f) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis dun 10%.

Artigo 23.- Sancións

1. As faltas leves sancionaranse con multa de 50 a 100 €.
2. As faltas graves sancionaranse con multa entre 101 e 300 €, podendo ser acordada a suspensión da licenza por período máximo de dous meses.
3. As faltas moi graves sancionaranse con multa entre 301 € e 600 €, podendo incluso ser revocada a licenza.

Artigo 24.- Aplicación das sancións

Na aplicación das sancións establecidas no artigo anterior, atenderase ao grao de culpabilidade, beneficio obtido, entidade da falta cometida, perigosidade que implique a infracción, incidencia ambiental, reincidencia ou reiteración e demais circunstancias agravantes ou atenuantes que concorran.

Artigo 25.- Persoas responsables

Aos efectos do réxime sancionador terán a consideración de persoas responsables as persoas físicas ou xurídicas titulares do establecemento vinculado á terraza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Concello reservarase o dereito a esixir, con independencia do exacto cumprimento das normas contidas na presente Ordenanza, que en determinadas rúas ou prazas as terrazas deban suxeitarse ás seguintes prescricións:

1. As mesas e cadeiras serán dunha cor determinada.
2. As xardineiras e antucas deberán ter unhas características comúns que en todo caso requirirán a previa determinación do Concello. As antucas deberán ser todos eles da mesma cor, debendo igualmente ser autorizadas polo Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Todas aquelas terrazas que no intre da entrada en vigor da presente Ordenanza tivesen autorización para tempadas anteriores, deberán adecuarse á vixente Ordenanza antes do 1 de setembro de 2012.



DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días á que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.>>

Inicia o turno de debate a voceira do grupo do PP, a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que manifesta que o goberno o que pretende con esta ordenanza é regular as terrazas por primeira neste Concello, xa que antes só existía unha ordenanza fiscal que fixaba os conceptos e os períodos de pagamento e liquidación da taxa correspondente de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras. Entende que a chamada Lei antibabaco obriga en certo modo aos hostaleiros a usar máis unha solución coma son as terrazas e a aumentar o seu mobiliario e afirma que dende que chegaron ao goberno houbo moitas solicitudes verbais para estudar a posibilidade da instalación de terrazas todo o ano, que incluírían, ademais de mesas e cadeiras, a instalación de cortaventos, xardiñeiras, dispositivos de climatización e mesmo outro tipo de mobiliario que terían que ser móbiles e desmontables para que os hostaleiros poidan desenvolver esta actividade accesoria á principal. Remata dicindo que había un espazo legal non regulamentado, motivo polo que se encargou á oficina técnica que redactase esta ordenanza, adaptada a lexislación vixente.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera, voceiro do grupo socialista, que manifesta que non comparte a ordenanza tal e coma vén redactada e lamenta que sexa así porque si comparte coa concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente a necesidade de que Fene teña unha ordenanza deste tipo, que poida axilizar e facilitar aos locais de hostalería do Concello este tipo de instalacións que están a proliferar a raíz da Lei antibabaco e que son un bo instrumento para a dinamización da hostalería local, xerar máis actividade e darlle máis vida ao pobo.

Di o concelleiro don Iván Puentes Rivera que non a poden apoiar e culpabiliza disto á concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente, porque di, non houbo ningún espazo para poder dialogar, consensuar ou facer ningún tipo de suxestións por parte do Partido Socialista. Afirma que están a favor da ordenanza pero non da imposición por parte do Partido Popular, xa que o PSOE ten unha serie de propostas para mellorar a ordenanza, que foron expostas na propia Comisión Informativa e foron rexeitadas polo goberno municipal.

Entende que poden ser mellorables determinados puntos:

- Non se fala de novos elementos que apareceron a raíz da Lei antibabaco coma son os barrís, os pipotes ou mesas altas para poder fumar de pé nas beirarrúas.
- Non comparten que os solicitantes teñan que aportar unha copia da súa licenza de actividade, xa que hai que adaptarse á realidade e os locais abertos en practicamente todo o período democrático contan con licenza de actividade pero tamén hai locais de hostalería no Concello que comezaron a súa actividade antes da etapa democrática e non teñen esa licenza porque non lla esixiron no seu día, polo que, tal e como está redactada esta ordenanza se lles impide de facto optar a ter terrazas, ou cando menos, terán que batallar con este asunto, o que semella desproporcionado para instalar unha terraza.
- Tampouco comparten a instalación absoluta da prohibición de medios audiovisuais nas terrazas e entende que sería moito máis razoable limitar eses medios a un horario diurno ou l a uns decibelios concretos como pasa noutros sitios.
- Comparten a medias a salvedade de determinar, por parte do Concello, o color e o tipo das terrazas en determinadas zonas do Concello, entendendo que será sobre todo na zona urbana, xa que entenden que é unha medida para lugares coma ao pé da catedral de Santiago de Compostela, da Torre de Hércules ou da praza de María Pita, pero para Fene só o poden comprender se o día de mañá se fai un bulevar. Non obstante, hai que ter en conta que hai locais que xa mercaron as terrazas e xa fixeron un investimento e a ordenanza tería que permitir amortizar estes investimentos, cando menos durante un período de tempo determinado.
- Comparten a limitación que impón a ordenanza de reservar 1,5 metros nas beirarrúas para o paso de peóns pero isto debería ir complementado con previsións para aquelas zonas como son a avenida Marqués de Figueroa ou o cruce de Fene onde os vehículos invaden a beirarrúa e ocupan parte deses 1,5 metros.

Remata a súa intervención dicindo que unha ordenanza deste tipo, que afecta á hostalería de Fene, debe ser consultada primeiramente antes de ser levada a unha Comisión ou a un Pleno cos locais de hostalería, coa Asociación de Hostaleiros e coas asociacións de veciños, para que poidan dicir o que opinan ao respecto, xa que inda que é certo que é urxente aprobar a ordenanza cara ao verán,



tamén é certo o dito pola concelleira Rocío Aurora Bértoa Ponte, que xa hai unha ordenanza fiscal que vén regulando dalgún modo a instalación de terrazas. Por este motivo, pide que se retire da orde do día, que volva á Comisión Informativa para debater as propostas que os grupos políticos poidan facer, que logo se lle pase copia ás asociacións de veciños e aos locais de hostalería para que suxiran o que consideren. Así, afirma cando volva ao Pleno consensuada, non terán ningún problema en aprobala e en caso de non ser retirada, anuncia o seu voto en contra do seu grupo.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín, voceiro do grupo do BNG, que di que Fene debe ter aproximadamente uns 20 locais con terraza, moitos na zona urbana do Concello, e pensa que non era nada difícil falar con estes locais para notificarlles a proposta, facer unha reunión coas asociacións de veciños e coa Asociación de Hostalería. Considera que a norma pode ser útil, sempre e cando lles sirva aos locais, pero pensa que o lóxico sería facer unha ordenanza reguladora dos espazos e paralelamente da súa fiscalidade.

Roga para que se retire o asunto da orde do día para que se trate conxuntamente o que é a ordenanza de ordenación e por outro a ordenanza fiscal, de tal xeito que o sector, os 15 ou 20 locais que son os que solicitan licenzas de terrazas saiban a que se van ter que ater logo da súa entrada en vigor.

De seguido intervén a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que manifesta que EU coincide plenamente co exposto polo PSOE e polo BNG, que quere incidir que nesta lexislatura xa non é a primeira vez que se deixa de contar cos veciños para as cousas que lles afectan, neste caso os hostaleiros, considerando esta actitude arrogante, prepotente ou de soberbia. Pensa que o goberno ten que traballar para os veciños e esta ordenanza prexudica a determinados veciños, polo que o lóxico é contar con eles, que se lles facilite unha copia da ordenanza e que se pode ser, ademais de consensual cos grupos políticos facelo tamén cos veciños.

Roga para que se retire da orde do día e volva á Comisión para o seu debate e, en caso contrario, di que a votará en contra.

De seguido fai uso da palabra a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Ponte que manifesta que o representante do Partido Socialista fixo dúas preguntas, primeiro preguntou ¿que pasa con aqueles locais que non teñan licenza de actividade? ao que se lle contestou que este goberno municipal non ten culpa de que os establecementos non teñan regularizada a súa situación; logo preguntou polas obrigas e manifestou que lle parecía mal que se obrigase a poñer terrazas dunha cor determinada, ao que di que a ordenanza non obriga, di que o Concello se reservará o dereito a esixir. Alégralle que o voceiro do PSOE fixera súas as palabras que dixera ela no sentido de que o día de mañá, se se fai un investimento nunha zona determinada do concello, como o que se fixo na avenida Marqués de Figueroa, ben a través de Promoción Económica ou da Área de Urbanismo, para facer a zona máis atractiva, se poden harmonizar as terrazas, en relación ao mobiliario. Engade que a ordenanza inclúe outros elementos móbiles no que se encadran os toneis e similares, que non se fixo unha enumeración exhaustiva para precisamente non restrinxir os elementos instalables.

En relación coas licenzas de actividade, di que Fene ten unha conciencia urbanística enorme e que dubida moito, agás casos excepcionais, de que case que todos os establecementos non teñan regulamentada a súa situación, ben a través de licenzas municipais ou de autorizacións da autoridade competente, segundo establecía a Lei no seu día; xa que o propio RAMINP entrou en vigor no ano 1961 e a partir de aí todos os establecementos teñen que ter licenza, polo que a nova normativa que faga o Concello ten que prever a súa regularización, debendo terse en conta que o propio RAMINP xa mantíña os dereitos daqueles locais.

En relación á prohibición dos medios audiovisuais, di que hai unha normativa do ano 2002 e se consulta as ordenanzas dos concellos limítrofes neste sentido van máis avanzadas que Fene porque aplican dita normativa que non permite estes medios audiovisuais; non obstante, en determinados casos excepcionais, como pode ser o partido da selección nacional de fútbol, a ordenanza permite a concesión dunha autorización para a súa emisión en terrazas mediante Resolución da Alcaldía. Prosegue a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Ponte dicindo que o que máis lle sorprende é que a ordenanza se pasou por correo electrónico o luns 18, antes da convocatoria da Comisión de Urbanismo onde se debatería, que na propia Comisión só houbo dúas preguntas do PSOE e unha do BNG, que se puido ter falado largo e tendido sobre o seu contido antes da propia Comisión.

Dille á concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez que o dito sobre que non se atenden aos veciños non se lle pode achacar a este goberno municipal, a ningún dos seus seis membros. Prosegue dicindo que Fene leva 32 anos sen ordenanza de terrazas, que non lle importa retirar a ordenanza da orde do día e que mesmo non debía ter chegado aquí, xa que ningún dos representantes dos partidos políticos que estaban na Comisión de Urbanismo lle solicitaron dita retirada.



Á vista de que o asunto non obterá maioría para a súa aprobación, a voceira do grupo do PP di que retira o asunto da orde do día, polo que a alcaldía dao por retirado.

De seguido intervén o alcalde que quere recordarlle aos grupos políticos que nas Comisións Informativas se poden facer as emendas correspondentes ás propostas, que os textos se lles pasa coa suficiente antelación para suxerir o que estimen convinte, zanaxando o debate ante a petición do concelleiro don Iván Puentes Rivera dun turno de alusións e dando o asunto por retirado da orde do día.

7. Aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora do procedemento de exercicio de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa

O expediente consta de borrador de texto refundido da ordenanza modificada e informe-proposta de secretaría 101/2012 de 21.6.2012 que conclúe:

<< Infórmase favorablemente o borrador de modificación da ordenanza reguladora do procedemento de exercicio de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa e propónse ao pleno municipal:

1º.- A aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora do procedemento de exercicio de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa.

2º.- Exposición ao público durante 30 días hábiles mediante anuncio no BOP aos efectos de presentación de reclamacións. De non presentarse reclamacións a aprobación inicial elevarase a definitiva, entrando en vigor a ordenanza ao día seguinte da completa publicación desta modificación no BOP e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 LBRL.>>

Sometido o asunto a votación na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras de 26.06.2012 foi ditaminado favorablemente por 3 votos a favor do grupo do PP e 5 abstencións, 2 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto.

Inicia o turno de intervencións a voceira do grupo do PP, a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa, Ponte que di que con esta ordenanza a Área de Urbanismo tenta avanzar e desbloquear a situación na que se atopa e que en marzo o Pleno aprobou por unanimidade a Ordenanza reguladora do procedemento de exercicio de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa e pasado un mes, o 27 de maio, foi aprobado o Real decreto Lei 19/2012 que afecta de xeito determinante á ordenanza aprobada, pretendendo favorecer a recuperación económica, eliminando os controis previos e buscando axilizar a creación de novos negocios, a súa apertura e que os emprendedores non atopen tantas trabas nos expedientes administrativos.

Di que esta nova ordenanza elimina todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa, mesmo aquelas actividades que afectan á protección do medio ambiente, a seguridade ou saúde pública e todas aquelas que enumera o Real decreto cun límite de ata 300 m², tamén inclúen as obras de locais que non precisen a redacción dun proxecto segundo a Lei 38/1999.

Engade que con esta nova normativa non desaparece o control e a legalidade urbanística, que se vai seguir esixindo e que xorden dous réximes distintos, continuarán coa declaración responsable todas aquelas actividades de prestacións de servizos que non estean incluídas no Real decreto 19/2012 e que precisen de controis urbanísticos previos e un sistema de comunicación previa para a posterior emisión das licenzas de obra, primeira utilización ou uso para o resto.

Di que a Disposición Adicional prevé que se aprobarán unha serie de modelos que non están todavía publicados e que Fene é pioneiro aprobando isto.

Interveñen os voceiros dos tres grupos da oposición anunciando o voto a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1º.- A aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora do procedemento de exercicio de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa.



2º.- Exposición ao público durante 30 días hábiles mediante anuncio no BOP aos efectos de presentación de reclamacións. De non presentarse reclamacións a aprobación inicial elevarase a definitiva, entrando en vigor a ordenanza ao día seguinte da completa publicación desta modificación no BOP e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 LBRL.

Transcríbese a continuación a ordenanza modificada en forma de texto refundido:

<<

ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE EXERCICIO DE ACTIVIDADES MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, impón aos Estados membros a obriga de eliminar todas as trabas xurídicas e barreiras administrativas inxustificadas á liberdade de establecemento e de prestación de servizos que se contemplan nos artigos 49 e 57 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, respectivamente, establece un principio xeral segundo o cal o acceso a unha actividade de servizos e o seu exercicio non estarán suxeitos a un réxime de autorización. A transposición parcial ao ordenamento xurídico español realizado a través da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, dispón que unicamente poderán manterse réximes de autorización previa cando así se estableza por Lei, cando non sexan discriminatorios, estean xustificadas por unha razón imperiosa de interese xeral e sexan proporcionados. En particular, considerarase que non está xustificada unha autorización cando sexa suficiente unha comunicación ou unha declaración responsable do prestador, para facilitar, se cómpre, o control da actividade.

No ámbito local, a licenza de apertura de establecemento constituíu un instrumento de control municipal co fin de manter o equilibrio entre a liberdade de creación de empresa e a protección do interese xeral xustificando polos riscos inherentes das actividades de producir incomodidades, alterar as condicións normais de salubridade e medio ambientais, incidir nos usos urbanísticos, ou implicar riscos graves para a seguridade das persoas ou bens.

As modificacións normativas introducidas no noso ordenamento xurídico coa transposición ao dereito interno das disposicións da Directiva de Servizos e as últimas reformas da Lei de bases do réxime local, obrigan aos concellos a adaptar a súa normativa a un novo réxime no que con carácter xeral o exercicio de actividades non se somete á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo.

Dentro do amplo concepto de actividade de servizo acollida tanto na Directiva como na Lei 17/2009, resulta evidente que unha parte importante das mesmas veñen constituídas polas actividades comerciais reguladas pola Lei 13/2010, 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, pola que se traspón ao dereito galego a Directiva, establecendo no seu artigo 28 o seguinte réxime, polo que ás licenzas de apertura se refire:

1. *Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade ou, no seu caso, comunicación previa ou declaración responsable. Ademais do anterior, nos supostos previstos nesta lei, requírese a autorización comercial da Comunidade Autónoma.*
2. *As licenzas de apertura dos establecementos serán concedidas polos concellos, de acordo coa normativa vixente en materia de urbanismo, seguridade, salubridade e protección do medio ambiente.*
3. *En todo caso, as actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambiental, nin ao informe da consellería titular da competencia en sanidade, estarán exentas da obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade, bastando para o inicio desta a presentación dunha comunicación previa ou dunha declaración responsable.*
4. *Suxéitanse unicamente ao deber de presentar unha comunicación previa, asinada pola persoa transmitente e a adquirente, os cambios de titularidade das licenzas de actividade ou de apertura de establecementos e actividades comerciais.*
5. *Os datos contidos nas licenzas de apertura de establecementos comerciais ou, no seu caso, as comunicacións previas ou declaracións responsables recibidas serán comunicadas polo respectivo*



concello á dirección xeral con competencia en materia de comercio para os efectos da súa inscrición no Rexistro galego de Comercio de conformidade co disposto no Art. 8 desta lei"

Por outra banda, a lei galega de comercio interior só esixe a autorización comercial autonómica para a instalación, a ampliación e o traslado dos establecementos comerciais individuais ou colectivos que destinándose ao comercio polo miúdo de calquera clase de artigos teñan unha incidencia ambiental, territorial, urbanística e no sistema viario que transcenda o termo municipal no que se localicen, pola súa magnitude, importancia e características.

Para estes efectos entende que unicamente ten incidencia supramunicipal, e por tanto, están suxeitos á autorización comercial autonómica, a instalación e o traslado dos establecementos comerciais cunha superficie útil de exposición e venda igual ou superior a 2.500 metros cadrados polo impacto territorial, urbanístico, viario e medio ambiental xerado. Tamén será preceptiva a citada autorización no caso de ampliacións de establecementos comerciais cando a superficie que resulte tras a ampliación sexa igual ou superior a 2.500 metros cadrados.

En cambio, non precisarán tal autorización os establecementos comerciais individuais dedicados á exposición e á venda de automóviles, de embarcacións e outros vehículos, maquinaria industrial ou agrícola, de materiais para a construción e artigos de saneamento, que requiran un gran espazo físico, e tampouco a requiren os mercados municipais e os denominados centros comerciais abertos.

Resulta tamén salientable que no ordenamento galego, as licenzas de actividade e de apertura teñen o mesmo obxecto, son conceptos sinónimos. Así, como acabamos de ver "...Para a apertura dun establecemento comercial será requisito imprescindible a obtención da licenza municipal de apertura ou de actividade...". Esta unificación xa se producira anteriormente por obra do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental. Dicimos isto, xa que na cultura administrativa local segue pesando a diferenciación entre licenza de actividade ou instalación e licenza de apertura ou de funcionamento, diferenciación derivada do vello RAMINP e que hoxe debemos superar, de tal maneira que a licenza de instalación virá subsumida na urbanística de obras e na de primeira utilización e a de apertura limitará o seu obxecto a autorizar o funcionamento da actividade obxecto do proxecto autorizado coa licenza de obras.

Non obstante este réxime xurídico citado, deberá facerse especial mención a aquelas actividades de comercio minorista e determinados servizos para as que se establece un plantexamento se cabe máis liberalizador no Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, para as cales non se poderá esixir a obtención de licenza previa de instalacións, de funcionamento ou de actividade, nin outras de clase semellante ou análogas que suxeiten a previa autorización o exercizo da actividade comercial a desenvolver ou a posibilidade mesma da apertura do establecemento correspondente. As actividades afectadas por este Real Decreto-Lei 19/2012 recóllense na ordenanza de forma separada coa finalidade de diferenciar claramente o diferente réxime de control urbanístico a posteriori que recae sobre as mesmas atendendo á lexislación vixente.

Como consecuencia, este Concello, dentro das medidas de adaptación á nova normativa, mediante a presente Ordenanza, pretende dar cumprimento ao esixido no Real Decreto-Lei 19/2012 e na DA 8ª da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostible, regulando o réxime de declaración responsable e comunicación previa da prestación de servizos, de tal forma que, sen perxuízo das autorizacións urbanísticas que poidan proceder con carácter previo segundo a lexislación vixente, poderán iniciarse sen previa licenza municipal desde o mesmo día da presentación da declaración responsable, sen necesidade de esperar á finalización do control municipal, o cal se mantén aínda que se articule a posteriori.

Deste xeito, a mencionada presentación, e a toma de coñecemento por parte da Administración non supón unha autorización administrativa para exercer unha actividade, senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade e activar as comprobacións pertinentes.

Óptase con carácter xeral por establecer o réxime de declaración responsable, agás para as actividades incluídas no ámbito de aplicación do Real Decreto-Lei 19/2012 e transmisión de actividades, empregando a fórmula da comunicación previa para aquelas solicitudes coas que se pretenda obter documentación adicional, e garantindo, non obstante, a axilidade de ámbolos dous procedementos e a garantía de información dos requisitos e responsabilidades que implica a actuación.

Polo tanto, en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos Municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias de control das actividades que se desenvolvan no seu termo municipal, dítase a presente Ordenanza previa observancia da tramitación establecida para ese fin polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS



Artigo 1. Obxecto

1. A presente Ordenanza ten por obxecto:

A) Regular os procedementos de intervención municipal a través dos medios establecidos no artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sobre os establecementos físicos, locais, ou lugares estables, situados no termo municipal de Fene destinados ao exercizo de actividades económicas por conta propia, prestadas normalmente a cambio dunha remuneración económica, incluídas no artigo 2 da Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo, ou a súa modificación, así como a comprobación do cumprimento e mantemento dos requisitos establecidos para o exercizo das devanditas actividades.

B) Regular os procedementos de intervención municipal a través dos medios establecidos no artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sobre os establecementos permanentes, situados no termo municipal de Fene destinados a actividades comerciais minoristas e á prestación de determinados servizos previstos no anexo do Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio.

2. A finalidade desta Ordenanza é garantir que os establecementos físicos adicados á prestación de servizos cumpren coas condicións de tranquilidade, seguridade, salubridade e as que, no seu caso, estean dispostas nos plans de urbanismo debidamente aprobados, tal e como dispón o artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Artigo 2. Definicións

Aos efectos desta Ordenanza entenderase por:

1. Actividade Económica: Toda aquela actividade industrial ou mercantil á que se refire o art. 22.1 do Regulamento de Servizo das Corporacións Locais.

2. Servizo: Calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.

3. Declaración responsable: o documento subscrito por un interesado en que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercizo, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercizo.

4. Establecemento: acceso a unha actividade económica non asalariada e o seu exercizo, así como a constitución e xestión de empresas e especialmente de sociedades, nas condicións fixadas na lexislación, por unha duración indeterminada, en particular por medio dunha infraestrutura estable.

5. Establecemento físico: calquera infraestrutura estable a partir da cal se leva a cabo efectivamente unha prestación de servizos.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

1.- O réxime de declaración responsable e control posterior aplícase a:

a) Apertura de establecementos físicos para o exercizo das actividades económicas incluídas dentro do ámbito de aplicación da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo, non sometidas a avaliación de impacto, efectos e incidencia ambiental nos termos da lexislación reguladora dos mesmos, e a de rúidos e prevención da contaminación acústica, agás cando por unha norma con rango Lei se estableza outro réxime de autorización.

b) Actividades comerciais non suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambiental, nin ao informe da consellería titular da competencia en sanidade.

c) Modificacións das actividades sometidas a declaración responsable.

2.- O réxime de comunicación previa aplícase a:



- a) O cambio de titularidade das actividades reguladas no procedemento da presente ordenanza e ás que se refire o artigo 22.4 da Lei 13/2010, de comercio interior de Galicia.
- b) Apertura de establecementos permanentes recollidos no anexo do Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, reproducidos no anexo IV da presente ordenanza.

3.- Quedan fóra do ámbito desta ordenanza:

- a) As actividades propias de establecementos e espectáculos públicos, incluídas no catálogo galego destas actividades
- b) Cando por razóns imperiosas de interese xeral, de orde pública, seguridade pública, saúde pública, seguridade dos destinatarios de bens e servizos, dos traballadores, protección do medio ambiente e o medio urbano, sexa de aplicación o procedemento de concesión de licenza municipal de apertura de conformidade coa Lei reguladora da actividade de que se trate.
- c) Apertura de establecementos físicos para a prestación de servizos cando se encontren sometidas a instrumentos de prevención e control ambiental de competencia autonómica conforme á Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia.
- d) Modificacións das actividades sometidas a licenza municipal.

4.- Sen prexuízo do réxime e procedementos previstos nos anteriores apartados, as actividades neles referidas deberán obter as demais autorizacións que fosen preceptivas de acordo coa normativa sectorial aplicable.

Artigo 4. Exclusionís

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Ordenanza os seguintes establecementos e actividades, que se axustarán ao que se estableza na normativa sectorial de aplicación:

- a) O exercicio de actividades profesionais non mercantís ou industriais relacionadas na sección segunda das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, sempre que se trate de uso de oficina ou despacho profesional, sempre que non produzan no seu desenvolvemento residuos, verteduras ou radiacións tóxicas ou perigosas, nin contaminantes á atmosfera non asimilable aos producidos polo uso residencial, que poidan precisar licenza de actividade.

Non están amparadas expresamente desta exclusión aquelas actividades de índole sanitaria ou asistencial que inclúan algún tipo de intervención cirúrxica, dispoñan de aparellos de radiodiagnóstico ou en cuxo desenvolvemento se preveza a presenza de animais.

A presente exclusión enténdese sen prexuízo das licenzas urbanísticas de ocupación, utilización, uso ou o seu cambio, que sexan requeridas pola normativa urbanística.

- b) Os establecementos situados en postos de mercado de abastos municipais.
- c) Os quioscos para venda de prensa, revistas e publicacións, lambetadas, frores e outros de natureza análoga situada nos espazos de uso público do municipio.
- d) A venda ambulante, situada na vía e espazos públicos.
- e) O uso do dominio público que poida realizarse no exercicio dunha actividade económica.

Artigo 5. Normas comúns para o desenvolvemento das actividades

1. As persoas responsables das actividades e establecementos están obrigadas a desenvolverlas e mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade, acústicas, accesibilidade e calidade ambiental, reducindo a posible afección dos espazos públicos e empregando as mellores técnicas dispoñibles, que se é o caso, resultaren necesarias para o cumprimento das condicións expresadas.

2. A declaración responsable ou comunicación previa, segundo proceda, quedará sen efecto no caso de que se suspenda a actividade ou cesamento do exercicio da mesma por un período superior a un ano. En tal caso, para poder reemprender o exercicio da actividade correspondente requirirase a presentación de declaración responsable ou comunicación previa segundo proceda.



Igualmente quedarán extinguidos os efectos da declaración responsable ou comunicación previa segundo proceda se a actividade a que a mesma se refire non comeza a exercitarse no prazo de seis meses contados dende a data da súa presentación.

Artigo 6. Consulta previa

1.-Sen prexuízo do sinalado no artigo 18 da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os interesados poderán presentar solicitudes de consulta previa sobre aspectos concernentes a un proxecto de apertura de establecemento ou inicio de actividade, que acompañarán dunha memoria descritiva ou dos datos suficientes que definan as características xerais da actividade proxectada e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.

2.-A contestación á consulta realizarase de acordo cos termos da mesma e a documentación achegada, e farase indicación ao interesado de cantos aspectos concirnan á apertura do establecemento ou inicio da actividade, e en concreto:

- a) Requisitos esixidos.
- b) Documentación a achegar.
- c) Administración que sexa competente en cada caso, en atención ao tipo de actividade de que se trate.
- d) Outros aspectos que sexan de interese para a apertura do establecemento ou o inicio da actividade.

3.- O sentido da resposta ás consultas formuladas non terá carácter vinculante para a Administración.

4.- Se se presentase a declaración responsable ou comunicación previa nun momento posterior, farase referencia clara ao contido da consulta previa e a súa contestación.

Artigo 7. Documentación exixible.

1. Na tramitación necesaria para o acceso e exercicio dunha actividade reguladas por esta ordenanza, só poderán esixirse os documentos ou datos que sexan estritamente necesarios para conformar a vontade da Administración e resolver en cada procedemento concreto, e que a Administración non poida obter polos seus propios medios.

2. Non se poderá esixir a presentación de documentos ou a achega de datos que xa estean en poder das Administracións Públicas.

3. O Concello promoverá, na medida da súa posibilidades, a dispoñibilidade dun sistema electrónico de intercambio de información co resto de Administracións públicas españolas e, no seu caso, coas institucións públicas europeas, que garanta a interoperabilidade da información contemplada nesta Ordenanza e na normativa vixente.

4. Non obstante o disposto nos apartados 2 e 3, aos efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para o acceso e exercicio dunha actividade, aceptaranse os documentos procedentes de calquera Administración pública española ou de calquera institución pública doutro Estado membro da Unión Europea, dos que se desprenda que se cumpren tales requisitos.

5. No caso de documentos emitidos por unha autoridade competente, non se esixirá a presentación de documentos orixinais ou copias compulsadas nin traducións xuradas, salvo nos casos previstos pola normativa vixente, ou xustificadas por motivos de orde pública e de seguridade pública.

6. Aos efectos establecidos nos apartados anteriores, o solicitante deberá declarar en que Administración ou institución pública consta o dato ou a documentación orixinal. No caso de que tal Administración sexa distinta deste Concello, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, deberá autorizar expresa e inequivocamente a este Concello para a petición e obtención da devandita información, debendo constar devandito consentimento na solicitude de iniciación do procedemento ou en calquera outra comunicación posterior, salvo que sexa de aplicación o réxime de excepcións do consentimento previsto no apartado 2 do devandito artigo.

Cando se trate dun dato ou documentación que obre en poder deste Concello deberá informarse ao cidadán de que se vai a consultar o devandito dato ou documento.

Artigo 8. Documentación relativa á identidade e ao domicilio.



1. Nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda ao Concello, non se esixirá, a efectos da comprobación dos datos de identidade persoal, a achega de fotocopias do documento nacional de identidade nin do documento acreditativo da identidade ou tarxeta de residencia dos estranxeiros residentes en territorio español expedidos por autoridades españolas. A comprobación ou constancia dos datos de identidade realizarase de oficio polo órgano instrutor, de acordo cos datos de identificación que obren en poder da Administración municipal, ou acudindo aos mecanismos de interoperabilidade.
2. Non se esixirá a achega do certificado ou do volante de empadramento como documento acreditativo do domicilio e residencia, a quen estea empadroado neste Municipio e teña a condición de interesado nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda a este Concello.
3. Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo fidedigno os datos do domicilio e residencia do interesado neste municipio, o órgano instrutor comprobará tales datos. En todo caso, será preciso informar ao interesado de que os datos van ser consultados polo órgano instrutor.
4. Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo fidedigno os datos do domicilio e residencia do interesado noutros municipios, o órgano instrutor comprobará tales datos, previo consentimento do interesado, salvo que sexa de aplicación o réxime de excepcións do consentimento previsto no apartado 2 do artigo 11 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
5. Se o interesado non prestase o consentimento mencionado no apartado 4, deberá achegar o certificado ou volante de empadramento, sendo a súa non achega causa para requirirle a subsanación de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 9. Documentación necesaria para as distintas actuacións

1. Adoptaranse modelos normalizados para facilitar aos interesados a achega dos datos e a documentación requirida. Os devanditos modelos deberán estar a disposición dos cidadáns por medios electrónicos no portelo único previsto no art. 18 da Lei 17/2009, de 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e na oficina municipal de información ao cidadán ou na Sede Electrónica do Concello.

2. Nas actuacións sometidas a declaración responsable non incluídas no anexo do Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, reproducidos no anexo IV da presente ordenanza achegárase a seguinte documentación:

a) Modelo normalizado de declaración responsable debidamente cuberto, en relación co cumprimento previo ao inicio efectivo da actividade e mantemento dos requisitos que fosen de aplicación ao exercicio da mesma. Así mesmo, incluírá unha autorización para a comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados.

b) Acreditación da representación nos casos en que proceda.

c) Indicación que permita a identificación, ou copia da licenza urbanística de obras, primeira utilización ou modificación de uso, segundo corresponda, que faculte para o pretendido destino urbanístico do establecemento físico, sempre que manteña as mesmas características.

Asemade, o declarante, na data de presentar a declaración responsable, queda comprometido diante do concello e baixo a súa responsabilidade, a dispoñer da seguinte documentación:

a. Licenza urbanística de obras, no suposto de que a apertura da actividade esixa a realización das mesmas.

b. Licenza urbanística de primeira utilización ou cambio de uso, no suposto de que a actividade non conte con outra licenza municipal que ampare o uso a desenvolver.

c. Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.

d. Proxecto Técnico, asinado por técnico competente, se a actividade de que se trata o require segundo a lexislación sectorial reguladora da mesma e, en todo caso, cando deban de realizarse obras que poidan cualificarse como maiores ao tratarse das previstas polo artigo 2.2 da Lei de Ordenación da edificación. O proxecto ou nos seus anexos deberán incluírse os certificados



acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e no mesmo deberá xustificarse que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio, debendo estar visado de requirilo a lexislación vixente.

e. No suposto de que non sexa esixible Proxecto técnico, deberá contarse cunha Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento físico onde pretenda ubicar fisicamente a mesma e as súas instalacións, asinada por técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e na que se xustifique que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio.

f. Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate.

3.- Nas actuacións sometidas a comunicación previa incluídas no anexo do Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, reproducidos no anexo IV da presente ordenanza achegarase a seguinte documentación:

a) Modelo normalizado de comunicación previa debidamente cuberto, en relación co cumprimento previo ao inicio efectivo da actividade e mantemento dos requisitos que fosen de aplicación ao exercicio da mesma. Así mesmo, incluírá unha autorización para a comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados.

b) Acreditación da representación nos casos en que proceda.

No caso de que o comunicante non dispoña de licenza que ampare o uso urbanístico ou vaia facer obras, deberá indicar tal extremo na comunicación previa e achegar ao efecto segundo proceda:

a) Proxecto Técnico, asinado por técnico competente, se a actividade de que se trata o require segundo a lexislación sectorial reguladora da mesma. O proxecto ou nos seus anexos deberán incluírse os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e no mesmo deberá xustificarse que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio, debendo estar visado de requirilo a lexislación vixente.

b) No suposto de que non sexa esixible Proxecto técnico, deberá contarse cunha Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento físico onde pretenda ubicar fisicamente a mesma e as súas instalacións, asinada por técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e na que se xustifique que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio.

Asemade, o comunicante, na data de presentar a comunicación previa, queda comprometido diante do concello e baixo a súa responsabilidade, a dispoñer da seguinte documentación:

a. No suposto de que non se vaian realizar obras e se dispoña de títulos habilitantes urbanísticos previos: licenza urbanística de primeira utilización ou cambio de uso, no suposto de que a actividade non conte con outra licenza municipal que ampare o uso a desenvolver.

b. Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.

c. Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate.

4.- En caso de cambios de titularidade, á comunicación previa unirase copia do documento acreditativo da transmisión, e indicación que permita a identificación ou copia da licenza de apertura ou, se é o caso, da toma de coñecemento da declaración responsable ou comunicación previa.

CAPÍTULO SEGUNDO. RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA AS ACTIVIDADES EXCLUÍDAS DO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 19/2012.

Artigo 10. Toma de coñecemento



1. A declaración responsable debe formalizarse unha vez acabadas as obras e instalacións conforme a licenza urbanística concedida e obtidos as demais autorizacións sectoriais necesarias para levar a cabo a actividade ou, no caso de que a prestación de servizos requira unha licenza urbanística de primeira utilización ou cambio de uso, unha vez obtida aquela.
2. A presentación da correspondente declaración responsable faculta o interesado ao inicio da actividade proxectada desde o mesmo día da presentación ou desde a data manifestada de inicio, para cuxa validez non se poderá postergar máis alá de seis meses.
3. A copia da documentación presentada e debidamente selada ou o recibo emitido polo rexistro electrónico terá a consideración de toma de coñecemento pola Administración. Este documento deberá estar de forma permanente no establecemento obxecto da actividade.
4. A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade e posibilitar un control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas que permiten esixir unha taxa pola actividade administrativa conforme se estableza na correspondente ordenanza fiscal

Artigo 11. Comprobación

1. Se a declaración responsable non reúne os requisitos esixidos, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación da inmediata suspensión da actividade en caso de requisitos de carácter esencial. Así mesmo, indícase que se non emendase a declaración responsable no prazo establecido se lle terá por non presentada, comportando a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada, e a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade correspondente, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.
2. Poderá requirirse ao interesado a achega ou exhibición da documentación que declare posuír así como a demais que sexa pertinente para a comprobación da actividade e, nomeadamente, a sinalada no artigo 9 desta ordenanza.
3. O control realizado posteriormente á presentación da declaración responsable formalizarase nun informe técnico que verifique a efectiva adecuación da actividade á normativa aplicable, sen prexuízo do procedemento de protección da legalidade que se é o caso puidese iniciarse.
4. No caso de que se realicen visitas de comprobación da actividade levantarse a correspondente acta de comprobación.

CAPÍTULO TERCEIRO. RÉXIME DE COMUNICACIÓN PREVIA PARA AS ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO REAL DECRETO-LEI 19/2012.

Artigo 12. Toma de coñecemento

1. A comunicación previa debe formalizarse con carácter previo ao inicio das obras e instalacións e unha vez obtidas as autorizacións sectoriais preceptivas necesarias para levar a cabo a actividade ou as obras e que deban ser obtidas con carácter previo segundo a lexislación vixente.
2. A presentación da correspondente comunicación previa faculta ao interesado ao inicio da actividade proxectada e das obras que se permiten (obras de acondicionamento de locais para desempeñar a actividade comercial cando non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación) desde o mesmo día da presentación ou desde a data manifestada de inicio, para cuxa validez non se poderá postergar máis alá de seis meses.
3. A copia da documentación presentada e debidamente selada ou o recibo emitido polo rexistro electrónico terá a consideración de toma de coñecemento pola Administración. Este documento deberá estar de forma permanente no establecemento obxecto da actividade.

4. A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da devandita actividade e posibilitar un control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas que permiten esixir unha taxa pola actividade administrativa conforme se estableza na correspondente ordenanza fiscal

5. A presentación da comunicación previa non prexuzgará en modo ningún a situación e efectivo acomodo das condicións do establecemento á normativa aplicable, nin limitará o exercizo das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción, e en xeral de control que a administración en calquera orde, estatal, autonómico ou local, teña atribuídas polo ordenamento sectorial en cada caso.

6. No caso de que o inicio da actividade conleve a necesaria obtención dunha licenza de primeira utilización, uso urbanístico ou obras, os prazos de resolución de ditas licencias comezarán a computarse dende a data de presentación no rexistro xeral do concello da comunicación previa xunto coa documentación completa, transcorridos os cales resultará de aplicación o réxime de silencio administrativo previsto na lexislación vixente.

Artigo 13. Comprobación

1. Se a comunicación previa non reúne os requisitos esixidos, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación da inmediata suspensión da actividade en caso de requisitos de carácter esencial. Así mesmo, indicarse que se non emendase a comunicación previa no prazo establecido se lle terá por non presentada, comportando a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada, e a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade correspondente, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

2. Poderá requirirse ao interesado a achega ou exhibición da documentación que declare posuír así como a demais que sexa pertinente para a comprobación da actividade e, nomeadamente, a sinalada no artigo 9 desta ordenanza.

3. O control realizado posteriormente á presentación da comunicación previa formalizárase nun informe técnico que verifique a efectiva adecuación da actividade á normativa aplicable, sen prexuízo do procedemento de protección da legalidade que se é o caso puidese iniciarse.

Para o outorgamento das licenzas urbanísticas precisas estarase ao réxime previsto na lexislación urbanística autonómica.

4. No caso de que se realicen visitas de comprobación da actividade levantarse a correspondente acta de comprobación.

CAPÍTULO CUARTO. ACTIVIDADE DE CONTROL E INSPECCIÓN

Artigo 14.- Actividades de control e inspección

1.- A Administración municipal está obrigada a exercer de forma permanente e continuada as funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección sobre as actividades que se realicen no termo municipal. Esta obrigación conlevará a realización de determinadas actividades administrativas que suporán no seu caso a exacción das pertinentes taxas.

2.- As actuacións de comprobación e inspección, así como as de vixilancia e control, axustaranse ás normas sectoriais que correspondan. En ausencia das mesmas serán de aplicación os preceptos contidos no presente Capítulo.

3.- Os servizos municipais poderán realizar en calquera momento actividades de comprobación, vixilancia, control e inspección, podendo esixir así mesmo ao titular da mesma a presentación da documentación acreditativa do cumprimento de calquera esixencia ou requisito esixido para a realización da actividade de acordo coa lexislación vixente.

4.- No suposto de apreciación de indicios da comisión dunha infracción, levantarase acta polo funcionario e formularase, no seu caso, proposta de adopción de cantas medidas resulten pertinentes.

5.- Naquelas actividades de carácter técnico que requiran o exercicio de funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección, e que sexan derivadas de competencias estatais ou autonómicas, a



Administración municipal poderá solicitar o auxilio institucional das Administracións públicas competentes para levar a cabo tales funcións.

Artigo 15.- Actas de comprobación, inspección ou control

1.- As actuacións das actividades de comprobación, inspección e control finalizarán mediante o levantamento da acta pertinente, así como da adopción dalgunha das seguintes propostas no informe correspondente:

- a) Favorable: no caso que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, se exerza de acordo coa normativa en vigor.
- b) Condicionado: no caso que se aprecie que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, necesita adoptar determinadas medidas correctoras.
- c) Desfavorable: no caso que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, mostre irregularidades substanciais e se aprecie a necesidade de suspensión da citada actividade até o momento no cal se adopten as medidas correctoras pertinentes, no suposto que fose posible adoptalas. En caso contrario proporase o cesamento definitivo da actividade.

2.- No suposto de informe condicionado ou desfavorable este será motivado e os servizos competentes determinarán o prazo para a adopción das medidas correctoras propostas.

3.- Transcorrido o prazo anterior, salvo supostos excepcionais de prórroga que non excedan da metade do prazo inicial, sempre que as circunstancias o aconsellen e non se prexudique o dereito de terceiros, ditarase polo órgano competente resolución acordando a suspensión da actividade ata que tales medidas correctoras sexan adoptadas, sen prexuízo do procedemento sancionador que no seu caso se puido incoar.

Artigo 16.- Suspensión da actividade

1.- As actividades previstas na presente Ordenanza poderán ser obxecto de suspensión nos supostos que non sexan exercidas de acordo cos requisitos establecidos na normativa aplicable en cada caso.

2.- As denuncias que se formulen poderán dar lugar á apertura das dilixencias correspondentes a fin de comprobar a veracidade dos feitos denunciados.

3.- As actividades que se exerzan sen a presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación previa, así como as que contraveñan as medidas correctoras que se determinaron, serán suspendidas pola Administración desde o mesmo momento en que se teña coñecementos de tales irregularidades.

4.- Así mesmo, a comprobación por parte da Administración Pública da inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se achegue, así como do incumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o mesmo momento en que se teña constancia expresa dos feitos e sen prexuízo do procedemento sancionador que se poida incoar como consecuencia de tales feitos.

Artigo 17.- Disciplina urbanística

Para os actos de inspección e protección da legalidade urbanística estarase ao previsto na normativa autonómica de aplicación.

CAPÍTULO QUINTO. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 18. Infraccións e sancións

1. En defecto de normativa sectorial específica, teñen a consideración de infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as normas contidas na presente Ordenanza, así como a desobediencia dos mandatos e requirimentos da Administración municipal ou dos seus axentes ditados en aplicación da mesma.

En todo caso, as infraccións e sancións derivadas da normativa urbanística rexiranse por esta.

2. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves, de conformidade coa tipificación establecida nos artigos seguintes.

Artigo 19. Tipificación de infraccións



1. Considéranse infraccións moi graves:

- a) O exercicio da actividade sen a presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación previa segundo proceda.
- b) O incumprimento da orde de cesamento ou suspensión da actividade previamente decretadas pola autoridade competente.
- c) O incumprimento das sancións accesorias previstas no artigo 21
- d) A reiteración ou reincidencia na comisión de faltas graves.
- e) Aquelas condutas infractoras que determinen especiais situacións de perigo ou grave risco para os bens ou para a seguridade e integridade física das persoas, ou supoñan unha perturbación relevante da convivencia que afecte de forma grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou ao normal desenvolvemento das actividades.

2. Considéranse infraccións graves:

- a) A falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se achegar.
- b) O mal estado dos locais e dependencias nas que se realice a actividade, en materia de seguridade, cando diminúa o grao de seguridade esixible.
- c) A dedicación dos establecementos a actividades distintas das declaradas
- d) O exercicio das actividades excedendo das limitacións fixadas na licenza de primeira utilización ou uso
- e) A modificación substancial dos establecementos e as súas instalacións sen a correspondente autorización ou toma de coñecemento.
- f) O incumprimento das medidas correctoras establecidas, se é o caso.
 - g) O incumprimento do requirimento efectuado para a execución das medidas correctoras que se fixen.
- h) O incumprimento das condicións de seguridade que serviron de base para a apertura do establecemento ou o inicio da actividade.
- i) A presentación da documentación técnica final ou a sinatura do certificado final de instalación sen axustarse á realidade existente á data da emisión do documento ou certificado.
- j) A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións leves.

3. Considéranse infraccións leves:

- a) As accións ou omisións tipificadas como infraccións graves cando pola súa escasa significación, transcendencia ou prexuízo ocasionado a terceiros non deban ser cualificadas como tales.
- b) O funcionamento da actividade con portas, ventás ou outros ocos abertos ao exterior, cando a actividade cause prexuízos ou molestias ao medio.
- c) Non encontrarse no establecemento o documento acreditativo da toma de coñecemento.
- d) A modificación non substancial das condicións técnicas dos establecementos sen a correspondente toma de coñecemento cando esta sexa preceptiva.



e) A modificación non substancial dos establecementos e as súas instalacións sen a correspondente toma de coñecemento.

f) Calquera incumprimento do que se establece na presente Ordenanza e nas leis e disposicións regulamentarias a que se remita, sempre que non estea tipificado como infracción moi grave ou grave.

Artigo 20. Sancións

A comisión das infraccións tipificadas na presente Ordenanza levará aparellada, en defecto de normativa sectorial específica, a imposición das seguintes sancións:

- a) Infraccións moi graves: multa de mil cincocentos un euros a tres mil euros.
- b) Infraccións graves: multa de setecentos cincuenta e un euros a mil cincocentos euros.
- c) Infraccións leves: multa de cen euros a setecentos cincuenta euros.

Artigo 21. Sancións accesorias

Sen prexuízo das sancións pecuniarias previstas, as infraccións tipificadas na presente Ordenanza levarán aparellada as seguintes sancións accesorias, cando se deriven efectos prexudiciais para a saúde, seguridade, medio ambiente, ou intereses públicos ou de terceiros:

- a) Suspensión temporal das actividades e clausura temporal dos establecementos dun a tres meses para as infraccións graves e de tres a seis meses para as infraccións moi graves.
- b) Inhabilitación do promotor para a realización da mesma ou análoga actividade en que se cometeu a infracción durante o prazo dun a tres meses para as infraccións graves e de tres a seis meses para as infraccións moi graves.

Artigo 22. Responsables das infraccións

1. Son responsables das infraccións, atendendo ás circunstancias concorrentes, quen realicen as condutas infractoras, e en particular:

- a) Os titulares das actividades.
- b) Os encargados da explotación técnica e económica da actividade
- c) Os técnicos que subscriban a documentación técnica.

2. Cando o cumprimento das obrigas establecidas na presente Ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán solidariamente das infraccións que se cometan e das sancións que se impoñan. No caso de extinción de persoas xurídicas, esixirase se é o caso a responsabilidade aos administradores das mesmas, na forma prevista nas normas por que se rexan aquelas.

Artigo 23. Graduación das sancións

1. As multas correspondentes a cada clase de infracción graduaranse tendo en conta a valoración dos seguintes criterios:

- a) O risco de dano á saúde ou seguridade esixible.
- b) O beneficio derivado da actividade infractora.
- c) A existencia de intencionalidade do causante da infracción.
- d) A reiteración e a reincidencia na comisión das infraccións sempre que, previamente, non sexan tidas en conta para determinar a infracción sancionable.



2. Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade a adopción espontánea por parte do autor da infracción de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador.

Artigo 24. Medidas provisionais

Nos termos e cos efectos previstos no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, poderán adoptarse medidas de carácter provisional cando sexan necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, as esixencias dos intereses xerais, a bo fin do procedemento ou evitar o mantemento dos efectos da infracción.

Artigo 25. Reincidencia e reiteración

1. Aos efectos da presente Ordenanza, entenderase que existe reincidencia nos casos de comisión dunha segunda infracción da mesma natureza no prazo dun ano desde que adquira firmeza a resolución administrativa.

2. Aos efectos da presente Ordenanza, considerarase que existe reiteración nos casos de comisión dunha segunda infracción de distinta natureza no prazo de dous anos desde que adquira firmeza a resolución administrativa.

Disposición adicional única. Modelos de documentos

1. Establécense os correspondentes modelos normalizados de declaración responsable e comunicación previa nos anexos I, II e III.

2. Facúltase á alcaldía para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento desta Ordenanza.

Disposición transitoria primeira. Procedementos en tramitación

En relación cos procedementos de autorización iniciada con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza, os interesados poderán continuar a tramitación dos mesmos polos procedementos ou réximes regulados no presente, mediante comunicación a este Concello.

Disposición transitoria segunda. Mantemento temporal da licenza de apertura

1. O réxime de sometemento a licenza municipal de apertura ou actividade manterase para as actividades sometidas aos procedementos de declaración de impacto, efectos e incidencia ambiental previstos na Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, ata que se modifiquen as referencias á devandita licenza na normativa medioambiental.

2. O réxime de sometemento a licenza municipal de apertura manterase para as actividades dentro do ámbito de aplicación da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas ata que se modifiquen as referencias á devandita licenza ou establézase de maneira expresa a sometemento a declaración responsable.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango opóñanse ao que se establece nesta Ordenanza.



Disposición final. Entrada en vigor

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia.



	CONCELLO DE FENE- ANEXO I
DECLARACIÓN RESPONSABLE DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS NON SOMETIDOS A LICENZA DE ACTIVIDADE OU APERTURA	

1 DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....

2 DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

3 ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:		
PROVINCIA:	PAIS:	CÓDIGO POSTAL:
TEL. FIXO:	TEL. MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:		

4 DATOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....
GRUPO IAE:	NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		
SUPERFICIE CONSTRUÍDA DO LOCAL ONDE SE VAIA EXERCER A ACTIVIDADE:		

C.I.F.: P-1503600-G



5 TIPO DE ACTUACIÓN

- Apertura de establecementos para o exercicio de actividades económicas non sometidas á avaliación da incidencia ambiental nin no catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Modificacións das actividades sometidas a declaración responsable.

OBSERVACIÓNS:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....de.....de.....

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

1.- O DECLARANTE ASUME BAIXO A SÚA RESPOSABILIDADE QUE NESTA DATA CONTA E DISPÓN DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN

Licenza urbanística de obras no suposto de que a apertura da actividade esixa a realización delas outorgada en data.....a favor de.....

Licenza urbanística de primeira utilización ou cambio de uso, no suposto de que a actividade non conte con outra licenza municipal que ampare o uso a desenvolver outorgada en data.....a favor de.....

Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.

Proxecto Técnico, asinado por técnico competente, se a actividade de que se trata o require segundo a lexislación sectorial reguladora da mesma e, en todo caso, cando deban de realizarse obras que poidan cualificarse como maiores ao tratarse das previstas polo artigo 2.2 da Lei de Ordenación da edificación. O proxecto ou nos seus anexos deberán incluírse os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e no mesmo deberá xustificarse que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio, debendo estar visado de requerilo a lexislación vixente.

No suposto de que non sexa esixible Proxecto técnico, deberá contarse cunha Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento físico onde pretenda ubicar fisicamente a mesma e as súas instalacións, asinada por técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación e na que se xustifique que o establecemento físico cumpre as condicións técnicas esixidas en materia de accesibilidade, seguridade e protección do medio.

Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate.

2.- OUTROS DOCUMENTOS esixidos pola lexislación sectorial que se anexan con carácter voluntario sen prexuízo do posible requirimento da documentación que proceda no momento da comprobación ou da inspección da actividade:

C.I.F.: P-1503600-G



3.- DECLARACIÓN RESPONSABLE:

O/A EMBAIXO ASINANTE DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚE A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA E:

Que conta coa documentación que se establece como obrigatoria nesta ordenanza municipal.

Que o establecemento reúne as condicións establecidas no Código Técnico da Edificación, o Regulamento electrotécnico para Baixa Tensión, pola normativa de protección contra o ruído e contra a contaminación acústica, pola lexislación reguladora sobre accesibilidade, pola lexislación reguladora dos vertidos á rede municipal de sumidoiros, e polas disposicións legais e regulamentarias aplicables para que a actividade obxecto desta declaración poida ser exercida no referido emprazamento.

Que realizou, ou realizará antes do inicio da actividade, a Alta na Declaración Censual (modelo 036 da Axencia Tributaria), e a correspondente inscrición da empresa na Seguridade Social e apertura de conta de cotización, ou se é o caso, Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Que presentou o Boletín de instalación eléctrica na Consellería competente.

- Que conta con contrato de mantemento das instalacións de protección contra incendios, por empresa autorizada, en caso de ser legalmente esixible ou
- Que realizará as revisións periódicas dos equipos de extinción instalados.

Que conta coa documentación específica da actividade segundo a normativa sectorial de aplicación.

Que cumpre con todos os requisitos esixidos pola normativa para o exercicio da actividade incluída, no seu caso, a habilitación profesional de.....

Que manterá o cumprimento dos requisitos legalmente esixidos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.

Que dispón de título posesorio que lexítima a ocupación do local ou establecemento.

Que aos efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorizo a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Que COMUNICA que iniciará a actividade a partir do día...../...../..... (En caso de non indicar data, entenderase a partir do mesmo día da presentación).

4.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN (no seu caso) QUE SE ACHEGA XUNTO COA REPRESENTACIÓN en virtude do disposto no artigo 32 da Lei 30/92, do 26 de novembro:

.....

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a



imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”)

En, adede.....

Asdo.



	CONCELLO DE FENE ANEXO II
MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE	

1 DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....

2 DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

3 ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:		
PROVINCIA:	PAIS:	CÓDIGO POSTAL:
TEL. FIXO:	TEL. MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:		

4 DATOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....
GRUPO IAE:	NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		

5 TIPO DE ACTUACIÓN

--

C.I.F.: P-1503600-G



1. CAMBIO DE TITULARIDADE:

Deberá achegarse a seguinte documentación:

___ Documento acreditativo da transmisión

Poderase achegar con carácter voluntario a seguinte documentación, sen prexuízo do posible requirimento da documentación que proceda

___ Copia da licenza de apertura ou da toma de coñecemento, se é o caso, ou a seguinte indicación que permite a súa identificación.

OBSERVACIÓNS:

.....
.....
.....
.....
.....
.....

....., adede.....
Asdo.

C.I.F.: P-1503600-G



	CONCELLO DE FENE- ANEXO III
COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS INCLUÍDOS NO ANEXO DO REAL DECRETO-LEI 19/2012	

1 DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....

2 DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF/ ou equivalente:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....		
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:			

3 ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:		
PROVINCIA:	PAIS:	CÓDIGO POSTAL:
TEL. FIXO:	TEL. MÓBIL:	FAX:
CORREO ELECTRÓNICO:		

4 DATOS DA ACTIVIDADE

DIRECCIÓN:		
LOCALIDADE:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	FAX:	CORREO ELECTRÓNICO:@.....
GRUPO IAE:	NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE:	
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:		
SUPERFICIE CONSTRUÍDA DO LOCAL ONDE SE VAIA EXERCER A ACTIVIDADE:		
SUPERFICIE ÚTIL DE EXPOSICIÓN E VENDA AO PÚBLICO:		

C.I.F.: P-1503600-G



5 TIPO DE ACTUACIÓN

- Apertura de establecementos incluídos no anexo do Real Decreto-Lei 19/2012
- Modificacións das actividades sometidas a comunicación previa incluídas no anexo do Real Decreto-Lei 19/2012

OBSERVACIÓNS:

.....

.....

.....

.....

.....

6.O/A EMBAIXO ASINANTE DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚE A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA E QUE ACHEGA XUNTO CON ESTA COMUNICACIÓN A DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA SEGUNDO A ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE EXERCIZO DE ACTIVIDADES MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA DO CONCELLO DE FENE QUE INDICA A CONTINUACIÓN:

Que o establecemento non está sometido á normativa de protección do patrimonio histórico-artístico nin afecta ao uso privativo ou ocupación dos bens de dominio público.

Que o establecemento conta cunha superficie útil de exposición e venda ao público non superior a 300 m2.

Que para o desempeño da actividade NON vai realizar obras de edificación.

Que está en posesión de proxecto de obras, no caso de que sexa requirido pola normativa aplicable

- Que para o desempeño da actividade non vai realizar ningunha obra no establecemento.
- Que para o desempeño da actividade vai realizar obras de acondicionamento do local, achegando xunto con esta comunicación, de conformidade e nos termos do previsto no artigo 9 da ordenanza reguladora do procedemento de exercizo de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa do Concello de Fene:
 - Proxecto Técnico, asinado por técnico competente.
 - Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento físico onde pretenda ubicar fisicamente a mesma e as súas instalacións, asinada por técnico competente.
- Que para o exercizo da actividade dispón de licenza que ampara o uso urbanístico a realizar outorgada en data.....a favor de.....
- Que para o exercizo da actividade NON dispón de licenza que ampara o uso urbanístico a realizar, achegando ao efeto para a súa obtención de conformidade e nos termos do previsto no artigo 9 da ordenanza reguladora do procedemento de exercizo de actividades mediante declaración responsable e comunicación previa do Concello de Fene:
 - Proxecto Técnico, asinado por técnico competente.
 - Memoria Técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento físico onde pretenda ubicar fisicamente a mesma e as súas instalacións, asinada por técnico competente.

Que o establecemento reúne as condicións establecidas no Código Técnico da Edificación, o Regulamento electrotécnico para Baixa Tensión, pola normativa de protección contra o ruído e contra a contaminación acústica, pola lexislación reguladora sobre accesibilidade, pola lexislación reguladora dos vertidos á rede municipal de sumidoiros, polo planeamento municipal e polas disposicións legais e regulamentarias aplicables para que a actividade e uso urbanístico obxecto desta declaración poida ser exercida no referido emprazamento.

C.I.F.: P-1503600-G



Que realizou, ou realizará antes do inicio da actividade, a Alta na Declaración Censual (modelo 036 da Axencia Tributaria), e a correspondente inscrición da empresa na Seguridade Social e apertura de conta de cotización, ou se é o caso, Alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Que presentou o Boletín de instalación eléctrica na Consellería competente.

- Que conta con contrato de mantemento das instalacións de protección contra incendios, por empresa autorizada, en caso de ser legalmente esixible ou
- Que realizará as revisións periódicas dos equipos de extinción instalados.

Que conta coa documentación específica da actividade segundo a normativa sectorial de aplicación.

Que cumpre con todos os requisitos esixidos pola normativa para o exercicio da actividade incluída, no seu caso, a habilitación profesional de.....

Que manterá o cumprimento dos requisitos legalmente esixidos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.

Que dispón de título posesorio que lexitima a ocupación do local ou establecemento.
Que está en posesión do xustificante do pago dos tributos preceptivos.

Que aos efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorizo a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Que COMUNICA que iniciará a actividade a partir do día...../...../..... (En caso de non indicar data, entenderase a partir do mesmo día da presentación).


7.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN (no seu caso) QUE SE ACHEGA XUNTO COA REPRESENTACIÓN en virtude do disposto no artigo 32 da Lei 30/92, do 26 de novembro:

.....

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.")
En, adede.....

Asdo.



	CONCELLO DE FENE- ANEXO IV
ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO ÁMBITO DO REAL DECRETO-LEI 19/2012	

As seguintes actividades identificáronse coas claves e nos termos establecidos polo Real Decreto 1175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do Imposto sobre Actividades Económicas.

Agrupación 45. Industria do calzado e vestido e outras confeccións textís.

GRUPO 452. FABRICACIÓN DE CALZADO DE ARTESANÍA E A MEDIDA (INCLUÍDO O CALZADO ORTOPÉDICO).

Epígrafe 452.1. Calzado de artesanía e a medida.

Epígrafe 452.2. Calzado ortopédico con excepción do considerado produto sanitario.

GRUPO 454. CONFECCIÓN A MEDIDA DE PEZAS DE VESTIR E E OS SEUS COMPLEMENTOS.

Epígrafe 454.1. Pezas de vestir feitas a medida.

Epígrafe 454.2. Chapeus e accesorios para o vestido feitos a medida.

Agrupación 64. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecementos permanentes.

GRUPO 641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

GRUPO 642. Comercio polo miúdo de carnes e refugallos; de produtos e derivados cárnicos elaborados; de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados dos mesmos.

Epígrafe 642.1. Comercio polo miúdo de carnes e refugallos; de produtos e derivados cárnicos elaborados; de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados dos mesmos.

Epígrafe 642.2. Comercio polo miúdo, en dependencias de venda de carnicerías-charcuterías, de carnes frescas e conxeladas, refugallos e toda clase de produtos e derivados cárnicos; de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados dos mesmos.

Epígrafe 642.3. Comercio polo miúdo, en dependencias de venda de carnicerías-salchicherías, de carnes frescas e conxeladas, refugallos, produtos procedentes de industrias cárnicas e produtos cárnicos frescos, crus, adobados, touciño salgado, embutidos de sangue (morcillas) e aqueles outros tradicionais destas características para os que estean autorizados; así como de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados dos mesmos.

Epígrafe 642.4. Comercio polo miúdo, en carnicerías, de carnes frescas e conxeladas, refugallos e produtos e derivados cárnicos elaborados; así como de ovos, aves, coellos de granxa, caza e de produtos derivados dos mesmos.

Epígrafe 642.5. Comercio polo miúdo de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados dos mesmos.

Epígrafe 642.6. Comercio polo miúdo, en casquerías, de vísceras e refugallos procedentes de animais de abasto, frescos e conxelados.

GRUPO 643. Comercio polo miúdo de peixes e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracois.

Epígrafe 643.1. Comercio polo miúdo de peixes e outros produtos da pesca e da acuicultura e de caracois.

Epígrafe 643.2. Comercio polo miúdo de bacallau e outros peixes en salgadura.

GRUPO 644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e semellantes e de leite e produtos lácteos.

Epígrafe 644.1. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e semellantes e de leite e produtos lácteos

Epígrafe 644.2. Despachos de pan, pans especiais e bollería.

Epígrafe 644.3. Comercio polo miúdo de produtos de pastelería, bollería e confeitaría.

Epígrafe 644.4. Comercio polo miúdo de xeados.

Epígrafe 644.5. Comercio polo miúdo de bombóns e caramelos.

Epígrafe 644.6. Comercio polo miúdo de masas fritas, con ou sen coberturas ou recheos, patacas fritadas, produtos de aperitivo, froitos secos, lambetadas, preparados de chocolate e bebidas refrescantes.

GRUPO 645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.

GRUPO 647. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e bebidas en xeral.

Epígrafe 647.1. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

Epígrafe 647.2. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

Epígrafe 647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se ache comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

Agrupación 65. Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes.

GRUPO 651. Comercio polo miúdo de produtos textís, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

Epígrafe 651.1. Comercio polo miúdo de produtos textís, confeccións para o fogar, alfombras e semellantes e artigos de tapicería.

Epígrafe 651.2. Comercio polo miúdo de toda clase de pezas para o vestido e tocado.

Epígrafe 651.3. Comercio polo miúdo de lencería e corsetería.

Epígrafe 651.4. Comercio polo miúdo de artigos de mercería e paquetería.

Epígrafe 651.5. Comercio polo miúdo de prendas especiais.

Epígrafe 651.6. Comercio polo miúdo de calzado, artigos de pel e imitación ou produtos substitutivos, cintos, carteiras, bolsos, maletas e artigos de viaxe en xeral.

Epígrafe 651.7. Comercio polo miúdo de confeccións de peletería.

GRUPO 652. Comercio polo miúdo de artigos de drogaría e limpeza; perfumaría e cosméticos de todas clases; e de produtos químicos en xeral; comercio polo miúdo de herbas e plantas en herbolarios.

Epígrafe 652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

Epígrafe 652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para a hixiene e o aseo persoal.

Epígrafe 652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

GRUPO 653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

Epígrafe 653.1. Comercio polo miúdo de mobles (excepto os de oficina).

Epígrafe 653.2. Comercio polo miúdo de material e aparellos eléctricos, electrónicos electrodomésticos e outros aparellos de uso doméstico accionados por outro tipo de enerxía distinta da eléctrica, así como de mobles de cociña.

Epígrafe 653.3. Comercio polo miúdo de artigos de enxoval, ferraxaría, adorno, agasallo ou reclamo (incluíndo bixutería e pequenos electrodomésticos).

Epígrafe 653.4 Comercio polo miúdo de materiais de construción e de artigos e mobiliario de saneamento.

Epígrafe 653.5. Comercio polo miúdo de portas, xanelas e persianas, molduras e marcos, tarimas e parquet mosaico, cestaría e artigos de cortiza.

Epígrafe 653.6. Comercio polo miúdo de artigos de bricolaxe.

Epígrafe 653.9. Comercio polo miúdo doutros artigos para o equipamento do fogar n.c.o.p.

GRUPO 654. Comercio polo miúdo de vehículos terrestres, aeronaves e embarcacións e de maquinaria. Accesorios e pezas de recambio.

Epígrafe 654.1. Comercio polo miúdo de vehículos terrestres.

Epígrafe 654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

Epígrafe 654.3. Comercio polo miúdo de vehículos aéreos.

Epígrafe 654.4. Comercio polo miúdo de vehículos fluviais e marítimos de vela ou motor e deportivos.

Epígrafe 654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria (excepto aparellos do fogar, de oficina, médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos).

Epígrafe 654.6. Comercio polo miúdo de cubertas, bandas ou bandexas e cámaras de aire para toda clase de vehículos.

GRUPO 656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, prendas e aveños ordinarios de uso doméstico.

GRUPO 657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

GRUPO 659. Outro comercio polo miúdo.

Epígrafe 659.1. Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais disecados.

Epígrafe 659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipos de oficina.

Epígrafe 659.3 Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos e ópticos, excepto nos que se requira unha adaptación individualizada ao paciente e fotográficos.

Epígrafe 659.4 Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.

Epígrafe 659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, relojaría, prataría e bixería.

Epígrafe 659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e tocado.

Epígrafe 659.7. Comercio polo miúdo de sementes, abonos, flores e plantas e pequenos animais.

Epígrafe 659.8. Comercio polo miúdo denominados sex-shop.

Epígrafe 659.9. Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta Agrupación, excepto os que deben clasificarse no epígrafe 653.9.

Agrupación 69. Reparacións.

GRUPO 691. Reparación de artigos eléctricos para o fogar, vehículos automóbiles e outros bens de consumo.

Epígrafe 691.1. Reparación de artigos eléctricos para o fogar.

Agrupación 75. Actividades anexas aos transportes.

GRUPO 755. AXENCIAS DE VIAXE.

Epígrafe 755.1. Servizos a outras axencias de viaxes.

Epígrafe 755.2. Servizos prestados ao público polas axencias de viaxes.

Agrupación 83. Auxiliares financeiros e de Seguros. Actividades Inmobiliarias.

GRUPO 833. PROMOCIÓN INMOBILIARIA.

Epígrafe 833.1. Promoción de terreos.

Epígrafe 833.2. Promoción de edificacións.

GRUPO 834. SERVIZOS RELATIVOS Á PROPIEDAD INMOBILIARIA E Á PROPIEDAD INDUSTRIAL.

Agrupación 86. Aluguer de bens inmobles.

GRUPO 861. ALUGUER DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA.

Epígrafe 861.1. Aluguer de vivendas.

Epígrafe 861.2. Aluguer de locais industriais e outros alugueres N.C.O.P.

GRUPO 862. ALUGUER DE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA.

Agrupación 97. Servizos persoais.

GRUPO 971. Lavandarías, tinturerías e servizos semellantes.

Epígrafe 971.1. Tintura, limpeza en seco, lavado e pasado do ferro de roupas feitas e de pezas e artigos do fogar usados.

Epígrafe 971.2. Limpeza e tinguido de calzado.

Epígrafe 971.3. Zurcido e reparación de roupas.

GRUPO 972. Salóns de perruquería e institutos de beleza.

Epígrafe 972.1. Servizos de perruquería de señora e cabaleiro.

Epígrafe 972.2. Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética.

GRUPO 973. Servizos fotográficos, máquinas automáticas fotográficas e servizos de fotocopias.

Epígrafe 973.1. Servizos fotográficos.

Epígrafe 973.2. Máquinas automáticas, sen operador, para fotografías de persoas e para copia de documentos.

Epígrafe 973.3. Servizos de copias de documentos con máquinas fotocopadoras.

GRUPO 975. Servizos de enmarcación.>>

8. Aprobación, se procede, da resolución do Recurso de reposición de Construcciones López Cao, SL



O expediente consta do seguinte ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras aprobado por unanimidade:

<<<7.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN DE CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO SL

Consta no expediente a resolución que se recorre, recurso de reposición presentado o 27.1.2012 e a seguinte proposta da alcaldía:

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno do Concello de Fene, en sesión ordinaria celebrada o 6 de outubro do 2011, adoptou no seu punto cuarto, entre outros, o seguinte acordo:

"5. Esixir a empresa responsable das obras UTE Ares Fene (COPASA e Taboada e Ramos) e no seu caso á empresa subcontratada López Cao, S.L. que se desculpen cos veciños/as de San Valentín e lles amosen a súa dispoñibilidade para afrontar as compensacións ás que puidera haber lugar cos afectados que sufriron prexuízos a consecuencia da fuga producida pola súa actuación."

Manuel López Grobas, en representación da empresa Construcciones López Cao, S.L., presenta, o 27 de xaneiro do 2012, recurso de reposición contra o acordo sinalado que lles foi notificado o 28 de decembro do 2012.

No recurso faise constar que Construcciones López Cao, S.L. non foi subcontratada nin pola UTE, nin por COPASA nin por Taboada e Ramos, nin por ningunha empresa responsable da UTE para a execución de obra algunha relacionada co expediente. Así mesmo, sinálase que no acordo "obrígase" ás empresas a asumir indemnizacións prescindindo do procedemento legalmente establecido.

No expediente deste Concello non consta que Construcciones López Cao, S.L. fora subcontratista da UTE Ares Fene (COPASA e Taboada e Ramos). En calquera caso, os subcontratistas quedan obrigados solo ante o contratista principal que asume, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración.

En segundo lugar, o acordo do Pleno do Concello de Fene foi esixir que amosaran a "dispoñibilidade" para afrontar as compensacións ás que puidera haber lugar, o que non quere dicir omitindo os trámites e procedementos legais que resultaran, en cada caso, procedentes.

Polo anterior, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común, esta Alcaldía propón ó Pleno do Concello o seguinte ACORDO:

Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por Manuel López Grobas, en representación da empresa Construcciones López Cao, S.L. de xeito que se elimine a referencia feita á empresa Construcciones López Cao, S.L. quedando o acordo do seguinte xeito:

"5. Esixir a empresa responsable das obras UTE Ares Fene (COPASA e Taboada e Ramos) que se desculpen cos veciños/as de San Valentín e lles amosen a súa dispoñibilidade para afrontar as compensacións ás que puidera haber lugar cos afectados que sufriron prexuízos a consecuencia da fuga producida pola súa actuación".

Fene, 25 de xuño do 2012
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal >>

Ao non haber debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por Manuel López Grobas, en representación da empresa Construcciones López Cao, S.L. de xeito que se elimine a referencia feita á empresa Construcciones López Cao, S.L. quedando o acordo do seguinte xeito:



“5. Esixir a empresa responsable das obras UTE Ares Fene (COPASA e Taboada e Ramos) que se desculpen cos veciños/as de San Valentín e lles amosen a súa dispoñibilidade para afrontar as compensacións ás que puidera haber lugar cos afectados que sufriron prexuízos a consecuencia da fuga producida pola súa actuación”.

9. Aprobación, se procede, da Declaración institucional en apoio aos traballadores da empresa Privilege Advanced Surfaces

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente que foi aprobado por unanimidade dos seus membros presentes:

<< DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AOS TRABALLADORES DA EMPRESA PRIVILEGE ADVANCED SURFACES

Privilege Advanced Surfaces é unha empresa asentada no Polígono Industrial das Lagoas onde se fabrican taboleiros de aglomerado de cuarzo, cunha plantilla de 74 traballadores e traballadoras.

Os seus accionistas eran o Grupo Quarella cun 60%, Xesgalicia 20% e Sepides 20%. Esta empresa recibiu un gran número de axudas públicas tanto en préstamos como en subvencións.

Na actualidade a empresa atópase en período de liquidación dentro dun proceso de Concurso Voluntario de Acredores, e cun ERE temporal que afecta á maioría da plantilla e que remata o vindeiro 20 de xuño. De non atoparse unha solución, nun breve espazo de tempo, poderíase estar a falar do peche de Privilege Advanced Surfaces e da perda de 74 postos de traballo directos e máis indirectos.

Tras a xuntanza mantida co Conselleiro de Industria Javier Guerra na que propuxo como posible saída, ademais da posibilidade que aparecese un comprador, a constitución dunha Sociedade Anónima Laboral para que os traballadores e traballadoras se fixesen cargo da empresa. Nestes momento estase constituíndo, por parte dos traballadores e traballadoras, esta sociedade coa que intentar facerse cargo da empresa.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO.- Mostrar a solidariedade e apoio do Concello de Fene coa loita dos empregados de Privilege Advanced Surfaces polo mantemento da maioría dos postos de traballo e do funcionamento da empresa.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galiza a buscar unha saída a situación de Privilege Advanced Surfaces, co obxectivo de manter os postos de traballo e a actividade empresarial, ben a través da chegada dun comprador-industrial ou ben a través doutra fórmula.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galiza que apoie a iniciativa desenvolvida polos traballadores de Privilege Advanced Surfaces de constituír unha Sociedade Anónima Laboral para facerse cargo da empresa e manter os postos de traballo.>>

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

PRIMEIRO.- Mostrar a solidariedade e apoio do Concello de Fene coa loita dos empregados de Privilege Advanced Surfaces polo mantemento da maioría dos postos de traballo e do funcionamento da empresa.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galiza a buscar unha saída a situación de Privilege Advanced Surfaces, co obxectivo de manter os postos de traballo e a actividade empresarial, ben a través da chegada dun comprador-industrial ou ben a través doutra fórmula.



TERCEIRO.-Instar á Xunta de Galiza que apoie a iniciativa desenvolvida polos traballadores de Privilege Advanced Surfaces de constituír unha Sociedade Anónima Laboral para facerse cargo da empresa e manter os postos de traballo

10. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa intervención do goberno de España de reformar a Lei 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade logo de obter 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“O Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa INTENCIÓN DO GOBERNO DE ESPAÑA DE REFORMAR A LEI 2/2010 DE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a intención manifestada do actual Goberno de España de reformar a lei 2/2010 Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, en termos claramente restritivos e de eliminación de dereitos, mais de 140 organizacións de mulleres, colectivos en defensa da sanidade e entidades sociais, uníronse baixo o manifesto “Decidir fainos libres” que aposta claramente polo dereito das mulleres a decidir libremente sobre a interrupción do seu embarazo como parte fundamental dos Dereitos Humanos das Mulleres, porque o exercicio deste dereito non pode ser regulado polo Código Penal.

Unha vez mais o Goberno do PP, ante a ineficacia da súa política económica, optou por aplicar a súa política ideolóxica mais conservadora, recortando os dereitos das mulleres. Unha perda de dereitos que supoñería un risco para a saúde e a vida das mulleres, omitindo a obrigaición do Estado de acordo á normativa europea e internacional, de referendar a protección e seguridade xurídica en materia de dereitos sexuais e reprodutivos.

O dereito a decidir das mulleres sobre os seus corpos e as súas vidas está enfrontado co prototipo de feminidade que discrimina ás mulleres e que pretende impoñer o Goberno con esta anunciada reforma.

Con esta moción seguimos as recentes recomendacións que Nacións Unidas realizou a España, con ocasión da revisión do cumprimento do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais, e Culturais (PIDESC), onde recoñece os dereitos o traballo, educación, seguridade social e o dereito a garantir o mais alto nivel posible de saúde, incluíndo a saúde mental, sexual e reprodutiva, sen discriminación algunha. Nelas Nacións Unidas recomenda o noso Estado/España garantir a plena aplicación da Lei Órganica 2/2010 de 3 de marzo de 2010 en todo o territorio nacional e a adopción dun procedemento básico común a tódalas comunidades para garantir un acceso equitativo á interrupción voluntaria do embarazo; para asegurar que o exercicio da obxección de conciencia por parte de médicos e de outros membros do persoal sanitario, non constituía un obstáculo para as mulleres que queiran poñer fin a un embarazo.

Por todo o sinalado anteriormente, o Grupo Municipal do PsdeG-PSOE do Concello de Fene, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Unirse ao manifesto “DECIDIR FAINOS LIBRES” elaborado pola Plataforma Estatal en Defensa dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos que agrupa a mais de 140 organizacións sociais e de mulleres. E promoverá activamente, a través dos medios de comunicación locais e con actividades, su difusión.
2. Esixir ao Goberno do Estado o mantemento da lei 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, así como a garantía de que as mulleres poidan exercer o seu dereito a interrupción voluntaria do embarazo.”



A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo socialista, o concelleiro don Iván Puentes Rivera, que di que o seu grupo presenta a moción para denunciar un ataque máis do Partido Popular á liberdade das cidadás deste país como é a súa capacidade para decidir libremente sobre a súa reprodución.

Afirma que se trata dun retroceso nos dereitos que tiñan adquiridos as mulleres e que con esta medida o ministro Gallardón esta tentando volver ao pasado trocando a lei de prazos que hai neste momento, unha lei que establece que calquera muller pode abortar libremente dentro das primeiras semanas de embarazo sen darlle contas a ninguén e sen pagar nada, por unha lei de supostos na que unha muller só pode abortar en casos tales como unha violación, se o feto ten unha determinada malformación, se hai perigo para a vida da nai ou a súa estabilidade mental (suposto que todos saben era unha coladeira, unha hipocrisía).

Di que o PP agora quere pasar do que é un modelo de liberdade como o que hai, que ademais garante os dereitos do feto, xa que só permite o aborto nas primeiras semanas mentres o feto non teña forma humana, a un que supón un retroceso nos dereitos dos cidadáns, motivo polo que presentan esta moción para que se manteña a lei actual que é unha conquista das mulleres e dunha loita de moitos anos.

De seguido fai uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín, voceiro do grupo do BNG, que manifesta que o seu grupo esta de acordo coa moción.

Seguidamente fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que vai apoiar a moción e quere puntualizar que cando presentou a moción respecto do IBI das igrexas, a resposta da voceira do PP que consta en acta foi que lle chama a atención que se pida a eliminación do cadro da declaración da renda, que en todo caso que cada quen marque o que queira, que ela neste sentido manifesta o mesmo, que lle chama moito a atención que se pida que non se aborte, que cada quen que faga o que queira.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo do PP, dona Rocío Aurora Bértoa Puente, que manifesta que o Partido Popular de Fene vai votar en contra da moción en base ao seu título, intención do goberno de España, que non se van manifestar en contra das intencións do goberno de España, de Galicia ou de calquera Deputación, que non vai entrar en debate nin en demagoxias, que só son intencións e que non hai nada aprobado e non hai nada que debater.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, 5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto, e 6 votos en contra do grupo do PP.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1. Unirse ao manifesto "DECIDIR FAINOS LIBRES" elaborado pola Plataforma Estatal en Defensa dos Dereitos Sexuais e Reprodutivos que agrupa a mais de 140 organizacións sociais e de mulleres. Promover activamente, a través dos medios de comunicación locais e con actividades, a súa difusión.

2. Esixir ao Goberno de España o mantemento da Lei 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, así como a garantía de que as mulleres poidan exercer o seu dereito a interrupción voluntaria do embarazo.

11. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG contra os recortes da Xunta de Galicia no fomento do emprego e nos programas de cooperación, promoción e formación das persoas

Consta no expediente o seguinte ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade logo de obter 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

"MOCIÓN CONTRA OS RECORTES DA XUNTA DE GALIZIA NO FOMENTO DO EMPREGO E NOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN DAS PERSOAS

Exposición de Motivos



O Goberno do PP na Xunta de Galiza continúa na liña de recortarlle aos concellos todo tipo de medidas destinadas ao fomento do emprego ou a programas de promoción, cooperación e formación das persoas.

Así, o pasado venres, 15 de xuño, fixo pública no DOG a drástica redución de axudas e subvencións aos concellos para o fomento do emprego a través de programas de cooperación que permitían a contratación de persoal para reforzar os servizos municipais. Pero tamén a redución de programas de accións formativas destinadas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas e de promoción da integración laboral de persoas con discapacidade.

Estas reducións acadan máis de 61 millóns de euros que representan preto do 50% dos importes recollidos nos Orzamentos da Xunta de Galiza para este ano 2012. E desta cantidade cabe destacar a redución de 33 millóns de euros (case o 75%) das axudas aos concellos destinadas a contratación de persoas no paro para distintos servizos municipais (servizo de axuda no fogar, brigadas municipais, etc.), deixando pouco máis de 12 millóns de euros e confirmando así a escalada de recortes do goberno do PP na Xunta de Galiza desde fai tres anos, provocando cada día máis persoas desempregadas, convertendo en falacias as promesas electorais Feijóo de acabar co paro en 45 días.

Galiza sofre a política do PP, condenada a non poder recuperar a senda da creación do emprego e inverter a actual tendencia da súa destrución; condenada a non poder xerar desde os concellos as condicións para o desenvolvemento das oportunidades laborais e a prestación de servizos a veciños e veciñas. Chegando a acadar as máis altas cotas de desemprego, situando a Galiza nunha taxa de máis do 20 %, onde máis emprego se destrúe no Estado e castigando a máis de 275.000 galegos e galegas a continuar nunha situación de anguria e desesperanza.

A Xunta de Galiza gobernada polo PP pregouse definitivamente ás políticas de recortes do Goberno do Estado e aos ditados dos mercados financeiros: pagar primeiro os intereses da débeda a costa dos recortes nas políticas sociais e no emprego, impedindo axudas a persoas paradas para atopar traballo.

E unha vez máis o PP castiga a aquelas persoas que máis sofren a crise, precarizando as condicións de traballo mediante a reforma laboral, reducindo dereitos e aumentando o desamparo das persoas desempregadas e aquelas menos preparadas para atopar un emprego.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permiten aos concellos a contratación de persoas desempregadas.
2. Instar á Xunta de Galiza a:
 1. Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.
 2. Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa contía inicial.
 3. A que demande do Goberno do Estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza."

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro don Manuel Polo Gundín, voceiro do grupo do BNG, que di que esta moción se basea en feitos consumados e espera que o Partido Popular vote a favor, que concretamente no Concello de Fene todos os anos se contrataba dez ou quince persoas desempregadas, dependendo un pouco das cantidades aportadas, e este ano, de confirmarse esta porcentaxe de redución, só se poderán contratar catro ou cinco persoas desempregadas no mellor dos casos.

Respecto dos cursos de formación di que a redución é total e supón máis dun 60% das partidas orzamentadas polo propio goberno de Galicia e que a culpa xa non se lle pode achacar a Zapatero, que Fene ten 1400 persoas no desemprego e neste mes pasado que se xerou certo emprego, se xeraron só 21 postos de traballo. Considera que esta é unha liña errática e mala para as persoas.



A continuación fai uso da palabra o concelleiro don Iván Puentes Rivera, voceiro do grupo socialista, que anuncia o voto a favor do seu grupo porque comparten o exposto e consideran que se trata dun ataque ao Concello, á propia institución municipal, no sentido de que retira fondos ao Concello cos que podía prestar axuda aos veciños e veciñas que están desempregadas, que se trata dun ataque máis á paupérrima situación económica dos concellos, a retirarlles recursos e, por tanto, capacidade de acción no día a día.

Considera que isto tamén é un ataque aos propios veciños e veciñas porque son as Administracións Públicas, ben sexa o Concello ou a propia Comunidade Autónoma, as que os poden axudar a formar, a reciclarlos, a darlles unha oportunidade para que poidan atopar emprego, nestes momentos que é cando máis o precisan; sen embargo resulta que a Administración, a través dos gobernos do PP, é cando máis recursos retrae e cando máis recursos escatima.

Cre que o lóxico non é manter os orzamentos senón aumentalos, xa que hai máis xente que precisa destes servizos.

De seguido fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que manifesta que esta de acordo co dito polo voceiro do BNG e do PSOE, que isto non deixa de ser máis recortes e sempre enriba dos máis desfavorecidos. Anuncia o voto a favor da moción.

A continuación fai uso da palabra a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente, voceira do grupo do PP, que di que neste caso non se trata de intencións senón que esta publicado no DOGA e que na Comisión de Cultura o concelleiro de emprego dixo que concretamente ao Concello de Fene aínda non se sabe como vai afectar. Di que semella que hai unha intención na normativa de que esta perda de investimento económico da Xunta de Galicia se vai paliar dalgún xeito a través da Deputación da Coruña. Anuncia o voto a favor do seu grupo e a súa intención é que se manteña o investimento cos fondos da Deputación.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

- 1. Rexeitar a drástica redución das axudas ás políticas activas de emprego que permiten aos concellos a contratación de persoas desempregadas.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a:**
 - 1. Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escolas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.**
 - 2. Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa contía inicial.**
 - 3. A que demande do Goberno do Estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza.**

12. Mocións

Non se presentan.

13. Rogos e preguntas

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO SOCIALISTA

Acto seguido o voceiro do grupo socialista procede a formular os seguintes rogos e preguntas que foron contestados como segue:

- Como non se lle deixou falar antes, lembra que é a primeira vez en 9 anos que un alcalde prohibe a un concelleiro intervir nun punto da orde do día e roga que a voceira do PP teña algo máis de talante, cintura ou saber estar á hora de respostar ás intervencións do seu grupo político, xa que xa van varios plenos nos que teñen que recibir instrucións deste tipo e cre que o voceiro dun grupo de goberno, lonxe de dicirlle como ten que facer o seu traballo, se supón que será aquel que teña que trazar consensos, acordos e poder chegar a entendementos coa oposición, pero coa actitude da actual voceira di que cada día que sae deste Salón de Plenos lle é máis difícil poder chegar a pactar



nada, que non lle gusta que lle traten con esa chulería, prepotencia, arrogancia coa que lle falou e pensa que os veciños de Fene, aos que representa o seu grupo, tampouco se merecen que os traten así.

Intervén o alcalde para dicirlle ao voceiro que rogar que se moderen as formas correspóndelle a el.

- Respecto da Ordenanza das terrazas, espera que se poida chegar a un entendemento e a un acordo e roga que non se lles acuse de mentir, xa que días antes da celebración da Comisión Informativa lle dixo á concelleira Rocío Aurora Bértoa Ponte que o grupo socialista tiña unha serie de aportacións á ordenanza e lle preguntou se llas pasaba por correo electrónico, se as falaban ou as facían na propia Comisión Informativa e lle contestou que se fixeran na propia Comisión. Na Comisión se formularon tres cuestións das cinco que se dixeron hoxe aquí e ningunha se tivo en conta.

- Respecto da Área da concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Ponte di que no anterior Pleno rogaron que o goberno municipal adoptase medidas ao respecto da situación na que se atopaba a piscina municipal de Centieiras e concretamente do servizo que estaba prestando a nova empresa, que se lle deu copia do requirimento durísimo que a concelleira de Cultura lle fixo á empresa Eulen, sorprendéndolle a redacción do escrito no que se lle manda á empresa as notas de prensa que fai públicas o PSOE e o BNG e se solicita un informe ao respecto, xa que o goberno é o que ten que defender un contrato que asinou cunha empresa e defender aos veciños e veciñas de Fene, que son usuarios da piscina municipal, e que o único que lle dixo que hai deficiencias é remitir unha nota de prensa á empresa e solicitarlle un informe, informe que lle deron á súa vez aos grupos políticos, é dicir, un informe emitido pola propia empresa que os grupos políticos denuncian que o esta facendo mal. Roga que o informe que lle facilitaron aos grupos políticos non sexa o da empresa que eles denuncian senón que sexa dos técnicos municipais e no que se poña de manifesto se a empresa cumpre ou non e que o goberno municipal emita algunha opinión ao respecto.

- Roga, segundo o dito no anterior Pleno, que se lle esixa á empresa Aquagest que se pavimenten aquelas zonas nas que interveu e leva meses sen pavimentar.

- Roga que se repoña o pavimento na rúa da Quiroga que leva varias semanas deteriorado por motivo dunhas obras que tiveron lugar alí.

- Roga que se solucione o problema de auga que existe na estrada da Armada en Maniños, fronte ao camiño do Castiñeiro.

- Roga que se proceda ao desbroce e limpeza nas inmediacións dos peiraos de Maniños e Barallobre, sobre todo na zona onde esta o parque de biosaludables.

- Roga que se proceda a controlar os coches que aparcan nas zonas peonís de San Valentín.

- Roga que se retiren os restos da limpeza das praias que dende hai tempo están acumulados na parte traseira das praias.

- Roga que se proceda a un desbroce e limpeza do contorno do centro de saúde en Maniños.

- Roga que se lle resposte aos escritos e que se lles achegue copia dun documento que se lle presentou aos sindicatos, á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa na Mesa de Negociación.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que xa foron entregados na Comisión Informativa.

- Roga para que se colabore coas empresas de Fene para a celebración do día do Deporte na rúa.

- Na Comisión Informativa de Cultura a concelleira Rocío Aurora Bértoa Ponte dixo que non había ningunha queixa por parte dos usuarios, que esta semana falou con varios usuarios que lle transmitiron as queixas do estado da piscina, concretamente do estado dos fondos da piscina e polo menos unha usuaria lles dixo que presentara por escrito unha queixa a semana anterior á celebración da Comisión, que lles dixo que foi á piscina e logo de ver o estado no que se atopaba rexeitou bañarse, que pediu o libro de reclamacións á empresa e non había, polo que cubriu unha instancia do Concello e a presentou, polo que pregunta ¿se hai constancia desta queixa e se hai máis queixas doutros usuarios do estado da piscina?, que estas queixas están a provocar que os veciños de Fene vaian a outras piscinas. Pregunta tamén ¿se avanzaron algo máis en saber respecto do



funcionamento do servizo? e que o único que lles piden é que como goberno municipal controlen o contrato que hai asinado cunha empresa e se lle faga cumprir o estipulado no contrato, que tampouco se pode dicir que o goberno municipal non sabe o que pasa cando o sábado se clausuraron as escolas deportivas e a concelleira de Cultura e Deportes estaba alí e veu como de todos os traballadores da piscina só un estaba uniformado.

A concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente contesta que todos os rogos e as preguntas respecto da empresa de mantemento da piscina municipal xa se contestaron na Comisión Informativa e que o goberno tivo coñecemento das deficiencias pola prensa e non polos usuarios, motivo polo que se pediu un informe á empresa para que aclarase se era certo.

Afirma que é certo que hai un escrito dunha usuaria queixándose, do cal non tiña coñecemento no día da Comisión porque non lle deran traslado do mesmo dende o Departamento de Cultura e Deportes e do que foi informada o luns seguinte.

En relación aos uniformes dos traballadores da piscina, di que o servizo de mantemento o leva a empresa Eulen pero que a empresa Sedega segue a facer traballos mentres non se regulariza este outro servizo e que é lóxico que os traballadores de Sedega non leven os uniformes de Eulen, que ese día estaban os monitores, na porta había dous traballadores cos uniformes de Eulen e logo estaba unha persoa no control de accesos e os da limpeza.

- Pregunta se está previsto cubrir a praza de conserxe no colexio dos Casais.

Contesta a concelleira dona Juana Barro Couto que este ano que entra vai estar cuberto co conserxe que viña substituindo a baixa do titular do colexio do Ramo, logo de que xa estea de alta.

- ¿Hai algunha novidade respecto da obra do abastecemento de auga a Magalofes, San Marcos e á parte alta de Sillobre? Contesta o alcalde dicindo que esta pendente dunha chamada para ir á Consellería de Medio Ambiente, que segue a haber dificultades para adquirir os terreos de Magalofes e que o acordo o ve altamente difícil.

- ¿Por que no Deporte na Rúa se decide contar con empresas de fóra do Concello e non co apoio de empresas de Fene?, concretamente di se refire a un dos ximnasiaos de Fene que viña colaborando desinteresadamente os derradeiros anos e saben que non se falou con el.

Contesta a concelleira dona Rocío Aurora Bértoa Puente que xa se contestou na Comisión Informativa, que colaboraron as empresas que se ofreceron, respecto do ximnasio repite que en Fene hai dous ximnasiaos, que un deles non se adica a actividades de spinning, que é o que se leva ao día do Deporte na rúa, e o outro ximnasio de Fene, é certo que colaborou no pasado ano, pero cando entraron no goberno o ano pasado a técnica de deportes lles deu conta de que, logo de consultar con este ximnasio para ver se querían colaborar, non quixeron e, polo tanto, di que non van ir detrás da xente.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO DO BNG

Acto seguido o voceiro do grupo do BNG procede a formular os seguintes rogos e preguntas que foron contestados como segue:

- Roga que se arranxe o camiño do cemiterio en Limodre, que se proceda a facer desratización en San Valentín, que ten constancia de varios escritos da Asociación de Veciños de Perlío que solicitan o arranxo de varios camiños, sobre todo a rúa Río Cal que vai cara a Mundín.

- ¿Interesouse o alcalde polos problemas que houbo no Xulgado de Fene respecto dos problemas que tivo unha parella, conformada por dúas mulleres, para inscribir aos seus fillos? Di que esta parella tivo que ir inscribir aos seus fillos ao Xulgado de Outeiro de Rei, concello de procedencia dunha das cónxuxes.

Contesta o alcalde dicindo que sabe do asunto polos xornais, que tentará falar co secretario do xulgado para saber cales foron os motivos.

O voceiro roga que o alcalde se dirixa ao Xulgado de Fene para que respecten os dereitos civís das persoas e isto non se repita no futuro.

- Roga que lle expliquen como vai afectar o canon da auga aos veciños e veciñas de Fene.



Contesta o alcalde dicindo que o canon da auga vai substituír o canon de saneamento, que supón que pode haber algunha suba e que o que si comprobou e que xa aparecen nos recibos un canon de oito euros, que naquela reunión só se informou dun canon por outro, que é un imposto que cobra a Xunta de Galicia e que repercutirá no Concello, así como o convenio da EDAR con Ares e Mugarzos que tamén repercutirá no recibo do saneamento deste Concello.

- En relación co comentado respecto dos terreos de Magalofes para a instalación dos depósitos da auga di que no ano 2009 hai unha oferta co número de rexistro de entrada 2742 dun propietario dun deses terreos susceptibles de ser utilizados para aquelas obras e que aínda non se lle contestou nada. Roga que se rescate ese documento e que se lle responste.

Contesta o alcalde que consultarán o rexistro de entrada.

- En relación coas obras do gas, concretamente en Maniños, roga que se controle a execución das obras, os cortes de tráfico, a sinalización que é precaria e os avisos dos desvíos, que se lle esixa ás empresas unha certa dilixencia á hora de executar as obras.

Contesta o alcalde dicindo que saben que hai queixas e que hai un empregado municipal que está controlando as obras e sinalización e dá conta todos os días das incidencias daquelas.

- ¿Hai algunha novidade en relación coa empresa comarcal de turismo? Contesta o alcalde dicindo que no último Pleno da Mancomunidade non se tomou ningunha decisión e non se levou adiante este punto, que a achega que ten que facer Fene de 4.000 euros non está prevista orzamentariamente este ano, que se falou de aproveitar a empresa municipal de Ferrol para que dera cobertura a todos os Concellos e haberá que falar da súa denominación, obxectivos e demais.

- ¿Hai algunha nova sobre a disolución das Mancomunidades e en que situación quedaría o contrato da canceira que se acaba asinar coa Mancomunidade de Ferrol? Contesta o alcalde dicindo que a FEGAMP se dirixiu ao goberno do Estado no sentido de que só se deben suprimir as mancomunidades que non sexan operativas ou que non teñan obxectivos concretos e que non cumpran fins supramunicipais e que pensa que á Mancomunidade de Ferrol non lle vai afectar.

- ¿Enviouse á Policía Local a identificar ás persoas que acamparon en San Valentín a semana pasada? En caso afirmativo pregunta ¿que medidas se van tomar?, en caso negativo ¿a que se debe este abandono de responsabilidade? Contesta o alcalde que non tiña necesidade de as mandar, xa que practicamente as coñecía a todas, que as propias persoas que estaban alí acampadas debían saber que aquel non era un sitio para acampar, que a Policía Local non recibiu ordes da Alcaldía polo que di que é coñecedor da súa culpa, xa que a súa obriga sería mandala, pero que así o decidiu porque non había alteración da orde pública.

- ¿Coñece o goberno municipal algo sobre a obra de Portos de Galicia na rampla de Maniños? Contesta o alcalde dicindo que esta obra vai levar formigón impreso, que a pedra do peirao non valía para aproveitar para repoñer, que o enxeñeiro encargado da obra falou coa Cofradía de Pescadores e Mariscadores que lle dixeron que tampouco querían que se volvесе colocar aquela pedra porque dificultaba o tránsito, polo que se tomou a decisión de executalo así.

- En relación co tema da piscina di que o 19 de xuño el mesmo, como voceiro do grupo municipal do BNG, presentou un escrito no que solicitaba información por escrito do grao de cumprimento do prego por parte da empresa adxudicataria, especialmente dos medios técnicos e materias que incrementou a empresa adxudicataria, e o goberno municipal lle enviou a Eulen unha nota de prensa que sae unha semana despois de terse presentado o escrito, sen que se contestase nada. Afirma que a situación de abandono das instalacións persiste, situación que é recoñecida no escrito de contestación da empresa, dicindo que van estudar as necesidades que di que descoñecían.

Prosegue dicindo que o prego de prescricións técnicas especifica a maquinaria que ten que aportar e as actividades obxecto de contrato, como a limpeza do fondo da piscina, para o que debe aportar unha máquina barrefondos, así como o resto de limpeza e as súas periodicidades. Parécelle dobremente grave que non se lle responste ao escrito dende a Concellería delegada de Deportes, que é quen ten designada a facultade de inspección e que se lle remita á empresa unha nota de prensa e non o que di o BNG, xa que isto delata unha incompetencia na inspección e no control e que lle semella que a empresa entrou a traballar sen coñecer o prego e sen coñecer as súas competencias. Continúa dicindo que, por exemplo, a uniformidade dos traballadores ten que ser presentada ao Concello tal e como di o prego, e isto non sucedeu; que non hai acta de recepción de ningún material; que o escrito revela que non existe control ningún; que hai queixas do día 27 e 28 no



registro, que tamén hai queixas verbais e o goberno municipal o está obviando, polo que roga que se cumpra o contrato, que se cumpra o prego e que se esixa que se faga coas condicións axeitadas. Roga ademais que se lle dea toda a información ao respecto da subrogación do persoal e en que instalacións van traballar e con que modalidade contractual, que tipo de maquinaria ten a empresa e que control vai desenvolver a concelleira.

Contesta o alcalde que o escrito presentado o 19 de xuño está sobre a súa mesa na Alcaldía e lembra que cando el estivo na oposición ten esperado 2 ou 3 meses por información, que está a recabar a información e que cando a teña lle contestará por escrito. En relación cos pregos, di que non sabe por que suscita tanta preocupación, que ao fin e ao cabo se está a facer o que a oposición nunca fixo cando gobernaba, que é sacar á contratación pública os servizos deste Concello, xa que a empresa Sedega, que é a que prestaba servizos ata este momento, non tiña contrato; engade que a empresa que presta o servizo é contratista a través dun concurso público e que está de acordo en vixiar o cumprimento do contrato, pero que non se pode vir a insinuar aquí que se trata dunha empresa pirata, xa que a empresa Eulen ten miles de traballadores. Afirma que todo isto non quita que o goberno municipal vixie o cumprimento do prego e que se recollerán os informes necesarios, pero que outra cousa é que o BNG reciba información por parte duns traballadores aos que non lles gustou moito a subrogación.

- Pregúntalle ao alcalde se coñece ou participa das instrucións directas do goberno municipal ás diferentes empresas para que se contraten ou non a determinadas persoas.

Contesta o alcalde que dende que chegaron ao goberno non variaron nada, que a empresa auxiliar de xardinería segue a ser a mesma, que haberá que sacar un prego para que unha empresa se faga cargo destes servizos de xeito legal e como ten que ser, que a empresa Eulen ten traballadores subrogados e non sabe a que atende esta pregunta.

- Pregúntalle ao alcalde se ten coñecemento de chamadas a veciños de Fene dunha persoa que se identificaba como Rocío Bértoa, concelleira de Cultura, ofrecendo traballo á xente días antes do comezo da actividade Verán Máis Alá.

Contesta o alcalde dicindo que este servizo se licitou por primeira vez en moitos anos e que a adxudicación deste ano foi en base ás condicións previamente fixadas.

(Neste momento os concelleiros do grupo municipal do BNG abandonaron a sesión.)

Prosegue o alcalde contestando, respecto das chamadas ás que aludía o voceiro do BNG, que se os feitos foran como di o concelleiro sería algo imposible de comprobar e tería que ser obxecto de investigación.

De seguido intervén a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente que di que quere engadir que non coñece a ningunha das persoas que están a traballar no Verán Máis Alá, agás a persoa que veu asinar o contrato que a veu aquel día e que ningún traballador é de Fene.

Prosegue contestando o alcalde dicindo que este ano o contrato do Verán máis Alá se adxudicou á empresa que ofertou mellores condicións.

- En relación á proposta da regulación do tráfico que se retirou na anterior sesión roga para que se atendan as peticións de direccións prohibida e pregunta ¿se o goberno ten pensado facer algo ao sobre os seus compromisos de direccións prohibidas?

Contesta o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez dicindo que aquela proposta non foi aprobada, que xa lle preguntaron na Comisión Informativa e dixo que se tentará solucionar.

- ¿Está previsto convocar a Mesa Xeral de Negociación e en que condicións? Contesta o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez dicindo que se está avanzando algo e que se convocará no verán se é posible, con todos os representantes dos grupos políticos e mesmo quizais se fale antes en xunta de portavoces.

De seguido intervén o alcalde que di que toman nota dos rogoe que tentarán que sexan atendidos convenientemente dentro das posibilidades do Concello.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MIXTO



Acto seguido a voceira do grupo mixto municipal procede a formular os seguintes rogos e preguntas que foron contestados como segue:

- Que anteriormente tiña preguntado se se podían gravar as Comisións Informativas ao que se lle respondeu que se ía estudar se podía ser ou non, polo que roga que se faga esta consulta. Contesta o alcalde que di que se mirará o tema das gravacións das Comisións.

- En relación coa piscina, e deixando a un lado as queixas, quere saber se os traballadores foron subrogados nas mesmas condicións, cales son os traballadores que se subrogaron, cales eran as anteriores condicións e cales son as novas.

Contesta o alcalde dicindo que as condicións particulares dos traballadores son privadas e non se facilitarán no Pleno, que o contestarán por escrito.

- Roga para que se limpe o túnel de que hai en San Valentín, preto da panadería.

Contesta o alcalde que toman nota, que posiblemente haxa medios mecánicos axiña e isto tamén axudará.

- ¿Ten coñecemento de se no colexio de Barallobre recibiron notificación da supresión dun mestre e se se vai facer algo ao respecto? Contesta a concelleira dona Juana Barro Couto dicindo que non hai nada oficial, que o que poden saber é por voz da directora, que se está á espera de que manden un mestre provisional.

- Roga para que se trate o asunto da regulación do tráfico, xa que ten suxerencias respecto ás zonas de carga e descarga.

O concelleiro don Alejandro Dopico Rodríguez di que se retomará para sacalo adiante.

- ¿Quere saber como está o tema da auga en San Xoán? Contesta o alcalde que veu a Asociación de Veciños de San Xoán e se lles informou dos trámites feitos, que hai acordo dos grupos municipais e que se está a espera do informe de Intervención para saber como se van regular os pagamentos do Concello a través do contador que hai que instalar, que tentará axilizar este informe para ver si se pode levar ao vindeiro Pleno de agosto e precisa que se trata dunha previsión.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20:37 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas